



RECOMENDACIÓNS ÁS EMPRESAS GALEGAS PARA A MELLORA DO BENESTAR LABORAL NOS DISTINTOS SECTORES



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PROMOCIÓN DO
EMPREGO E IGUALDADE



ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN.....	2
2	CONSIDERACIÓNS METODOLÓXICAS.....	4
3	CARACTERIZACIÓN BÁSICA DAS MOSTRAS DAS ENQUISAS: POBOACIÓN ASALARIADA E EMPRESAS.....	7
3.1	DESCRICIÓN SOCIODEMOGRÁFICA DA POBOACIÓN ENTREVISTADA.....	7
3.2	DESCRICIÓN DA MOSTRA DE EMPRESAS.....	9
4	ANÁLISE COMPARATIVA DOS RESULTADOS DAS ENQUISAS.....	12
4.1	A ORGANIZACIÓN DA XORNADA LABORAL.....	12
4.1.1	Os tipos de xornada.....	12
4.1.1.1	Organización semanal da xornada de traballo.....	12
4.1.1.2	Organización diaria da xornada de traballo	21
4.1.1.3	Outro tipo de xornada ao longo do ano distinta da habitual	29
4.1.2	Os horarios.....	37
4.1.2.1	Os horarios de comezo e finalización da xornada.....	37
4.1.2.2	A xornada partida: duración do descanso.....	53
4.1.2.3	A flexibilidade horaria	60
4.2	MEDIDAS DE CONCILIACIÓN E OUTRAS MEDIDAS DE FLEXIBILIZACIÓN DO TEMPO DE TRABALLO	68
5	RESULTADOS DOUTRAS DIMENSIÓNS INVESTIGADAS NAS ENQUISAS	81
5.1	BARREIRAS Á IMPLANTACIÓN DE HORARIOS RACIONAIS NAS EMPRESAS....	81
5.2	GRAO DE INTERESE DA POBOACIÓN ASALARIADA NAS DISTINTAS MEDIDAS DE FLEXIBILIZACIÓN E CONCILIACIÓN.....	84
5.3	ASPECTOS PRIORITARIOS DO TRABALLO PARA A POBOACIÓN ASALARIADA 90	
6	RECOMENDACIÓNS	95
7	ANEXO: ÍNDICE DE GRÁFICOS E TÁBOAS.....	105
7.1	ÍNDICE DE GRÁFICOS.....	105
7.2	ÍNDICE DE TÁBOAS	107

1 INTRODUCCIÓN

Nos últimos anos a Xunta de Galicia vén demostrando un claro compromiso co fomento de accións destinadas á mellora do benestar laboral das persoas traballadoras.

No marco desta estratexia global de actuación, a organización flexible do tempo de traballo e a racionalización horaria constitúen medidas destinadas a facer compatible a actividade laboral coa esfera privada e favorecer a corresponsabilidade, con numerosos beneficios no benestar dos traballadores e das traballadoras, que implican tamén vantaxes importantes para as empresas.

A mellora do clima laboral, unha mellor planificación do tempo de traballo, a diminución do absentismo, o incremento da produtividade das persoas, o aforro en gasto de persoal –grazas á maior retención do talento–, o aumento do rendemento económico e a mellora da imaxe da empresa, son os principais beneficios constatados polas compañías que implantaron medidas de racionalización e de flexibilización horaria.

Consciente de todas estas vantaxes para a poboación traballadora e tamén para a produtividade e o crecemento empresarial, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Relacións Laborais, impulsou a realización de dous estudos destinados a coñecer a realidade do tecido empresarial de Galicia no que atinxe á ordenación do tempo de traballo:

- O Estudo sobre a organización do tempo de traballo nas empresas galegas.
- A Enquisa á poboación asalariada de Galicia sobre a organización do tempo de traballo.

Mediante estas investigacións quería-se dispoñer de información desde unha dupla perspectiva, persoas traballadoras e empresas, sobre a realidade do tecido produtivo en materia de organización do seu tempo de traballo: horarios, tipos de xornada e outras medidas de flexibilización e harmonización da vida persoal e a laboral.

Ademais, a través doutras cuestións específicas para os colectivos consultados, indagáronse outros aspectos, como os obstáculos que perciben as empresas para implantar medidas flexibles e favorecedoras da conciliación; as preferencias da poboación asalariada ao respecto da distribución da xornada e sobre outras medidas de flexibilización e conciliación, así como as súas prioridades con respecto ao traballo.



Así, a partir dos resultados de ambos os dous estudos, baseados na técnica da enquisa, **este informe ten por obxecto:**

- Ofrecer unha **análise comparativa** dos principais resultados das sondaxes realizadas.
- Formular **recomendacións** ás empresas galegas segundo os distintos sectores, a partir das evidencias extraídas de ambas enquisas, co fin de mellorar o benestar das persoas traballadoras, sen mingua do crecemento empresarial.

A continuación detállase a estrutura expositiva do presente informe:

- Tras desta introdución, no capítulo 2 recóllense as consideracións metodolóxicas sobre os estudos realizados.
- No capítulo 3 ofrécese unha descrición básica das mostras nas que se basean as dúas enquisas.
- No capítulo 4 desenvólvese a análise comparativa dos resultados, para o global e por sectores e subsectores do sector servizos.
- O capítulo 5 expón os resultados obtidos noutras dimensións de interese indagadas de forma específica nalgún dos estudos realizados.
- O capítulo 6 recolle as recomendacións ás empresas para a mellora do benestar laboral, con carácter xeral e por sectores, a partir de toda a información analizada.
- Pecha o documento, en anexo, o índice de gráficos e táboas.



2 CONSIDERACIÓNS METODOLÓXICAS

O presente documento inclúe unha comparativa dos principais resultados das dúas enquisas realizadas:

- A Enquisa á poboación asalariada de Galicia sobre a organización do tempo de traballo.
- O Estudo sobre a organización do tempo de traballo nas empresas galegas.

Ambas as dúas sondaxes tiñan como obxectivo principal coñecer a situación do tecido empresarial galego no que respecta á organización do tempo de traballo.

A través da Enquisa á poboación asalariada, a máis recente no tempo, quería-se ampliar a información e contrastar evidencias cos datos extraídos do estudo realizado meses antes sobre a ordenación do tempo de traballo a unha mostra de empresas.

Ambos estudos baséanse na realización de enquisas a mostras representativas dos respectivos universos:

- A mostraxe da enquisa á poboación asalariada baseouse (a partir dos últimos datos dispoñibles da Enquisa de poboación activa, EPA) nunha estratificación por sexo, idade e provincia.
- Na enquisa ás empresas, os criterios de estratificación aplicados na mostraxe foron os grandes sectores de actividade, os subsectores –segundo os Grupos da Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE 2009)– e o tamaño das empresas.

A continuación resúmense as características principais do deseño das sondaxes nas correspondentes fichas técnicas:



FICHA TÉCNICA DA ENQUISA Á POBOACIÓN ASALARIADA

Técnica:

Enquisa telefónica asistida por ordenador.

Ámbito territorial:

Comunidade autónoma de Galicia.

Universo da enquisa:

Poboación traballadora por conta aliea no sector privado de Galicia, segundo os datos de poboación asalariada da EPA-4º trimestre de 2022.

Tamaño da mostra:

814 entrevistas.

Erro estatístico:

$\pm 3,46\%$, para un nivel de confianza do 97%.

Procedemento de mostraxe:

Mostraxe aleatoria proporcional estratificada por sexo, grupos de idade e provincia.

Desenvolvemento do traballo de campo:

Entre o 24 de abril e o 3 de xuño de 2023.

FICHA TÉCNICA DA ENQUISA ÁS EMPRESAS

Técnica:

Enquisa a través de cuestionario en liña (autocobertura) con reforzo telefónico.

Ámbito territorial:

Comunidade autónoma de Galicia.

Universo da enquisa:

Conxunto do tecido empresarial de Galicia, a partir dos datos da Estatística de "Empresas con actividade en Galicia segundo actividade principal (grupos CNAE 2009) e estrato de persoas asalariadas", 2020. IGE.

Tamaño da mostra:

766 cuestionarios.

Erro estatístico:

Erro máximo do 4 %, para un nivel de confianza do 97 %.

Procedemento de mostraxe:

Mostraxe aleatoria proporcional estratificada por sectores de actividade, subsectores e tamaño das empresas.

Desenvolvemento do traballo de campo:

Entre o 13 e o 31 de setembro e entre o 3 e o 18 de novembro de 2022.



O presente informe recolle os resultados comparativos de ambos os dous estudos naquelas cuestións comúns ás dúas sondaxes.

A secuencia expositiva baséase na análise comparada dos datos obtidos nas enquisas realizadas, estruturada do seguinte xeito:

- Para o **global** das mostras consideradas.
- Por **sectores de actividade**: agricultura e pesca, industria, construción e servizos.
- Por **subsectores de actividade no sector servizos**. Ademais da exposición dos datos por grandes sectores, ofrécese unha análise por subsectores de actividades terciarias. Isto é posible porque os servizos constitúen o principal sector da economía en Galicia. É, polo tanto, o máis representativo en termos estatísticos por ser o de maior tamaño mostral en ambas as dúas enquisas, o que permite realizar unha análise dos datos segundo o tipo de actividade, baseada na clasificación que utiliza a Enquisa de Poboación Activa (EPA), a partir da agregación de distintas epígrafes da clasificación de actividades económicas (CNAE).

Con todo, no sector servizos non todos os ramos de actividade teñen a mesma significación, o que debe terse en conta de cara á interpretación das tendencias que se comenten. O comercio, a hostalería e as actividades administrativas, financeiras e profesionais son os subsectores máis representativos e con menores niveis de erro mostral no ámbito dos servizos.

- Pola contra, nos sectores primario e secundario o erro estatístico é maior, o que desaconsella unha análise desagregada das actividades que os integran, ao carecer dunha representatividade adecuada.

Ademais, inclúese a análise dos resultados por sectores e subsectores naquelas cuestións específicas abordadas unicamente nalgún dos estudos e que non permiten a comparativa, por responder á natureza concreta de cada investigación.

3 CARACTERIZACIÓN BÁSICA DAS MOSTRAS DAS ENQUISAS: POBOACIÓN ASALARIADA E EMPRESAS


Exponse a continuación a descrición básica das mostras dos estudos realizados a partir dos criterios de estratificación empregados, comezando pola enquisa máis recente, a realizada á poboación asalariada, e continuando coa de empresas.

3.1 DESCRICIÓN SOCIODEMOGRÁFICA DA POBOACIÓN ASALARIADA

Segundo os datos da EPA correspondentes ao último trimestre de 2022, do conxunto da poboación que traballa por conta allea no sector privado en Galicia, o 48,53 % son mulleres e o 51,47 % homes.

Na mostra entrevistada na Enquisa á poboación asalariada¹, a proporción de mulleres é do 49,39 % e dun 50,61 % a de homes, podendo falarse dunha **distribución equilibrada segundo o xénero**.

G. 1 DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN ASALARIADA POR SEXO




Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

¹ O informe desta enquisa detalla outras características da poboación asalariada galega, a partir das variables de clasificacións incluídas no cuestionario: hábitat de residencia, sector de actividade da empresa na que traballa/traballou nos últimos seis meses, tamaño da empresa, tipo de contrato etc.

Por grupos de idade, a franxa máis numerosa é a integrada por traballadores e traballadoras de 40 a 49 anos de idade (case un 32 %). Hai tamén un peso significativo da poboación con idades comprendidas entre os 50 e os 59 anos (26,41%), mentres que un 8,60 % ten máis de 60 anos.


A poboación de menos de 40 anos representa, agregadamente, o 33,05 %, cun peso maior das persoas de 30 a 39 anos (21,25 %).

G. 2 DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN ASALARIADA POR GRUPOS DE IDADE



Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

Acorde tamén coa distribución da poboación asalariada nas distintas provincias, **A Coruña é a que concentra a maior porcentaxe de persoas entrevistadas**: o 41,65 % do total, seguida por Pontevedra, cun 36 %. En consonancia coa menor poboación que presentan, Lugo e Ourense concentran as cifras máis baixas, tal e como reflicte o gráfico nº 3.

G. 3 DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN ASALARIADA POR PROVINCIA DE RESIDENCIA


Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

3.2 DESCRICIÓN DA MOSTRA DE EMPRESAS

Na enquisa ás empresas, consonte ao seu peso real no universo empresarial galego², preto de dous terzos pertencen ao sector servizos (65,54 %). A agricultura e a pesca ocupa un segundo lugar, cun 16,32 % de empresas. A continuación, o sector da construción representa o 11,88 %, de maneira que o sector con menor peso no tecido empresarial corresponde á industria (6,27 %).

² Universo extraído da Estatística de "Empresas con actividade en Galicia segundo actividade principal (grupos CNAE 2009) e estrato de persoas asalariadas", que realiza o IGE a partir da Explotación do directorio de empresas e unidades locais, correspondente ao ano 2020.


G. 4 DISTRIBUCIÓN DA MOSTRA DE EMPRESAS POR SECTORES DE ACTIVIDADE



Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

Por tamaño da empresa, o groso da mostra corresponde ás pequenas empresas e microempresas con menos de 10 persoas asalariadas, en concreto 8 de cada 10.

As empresas de 10 a 49 persoas traballadoras representan o 14,49 %, mentres que as de compañías de maior tamaño (máis de 250) presentan un peso inferior ao 5 %, aínda que se atopan sobrerrepresentadas con respecto ao seu peso real no tecido empresarial galego, xa que se optou por incluír na mostra as respostas das empresas de gran tamaño, especialmente as de máis de 250 persoas traballadoras, por razóns de interese sociolóxico –polo número de postos de traballo que xeran, as prácticas empresariais en materia de organización do tempo de traballo etc.–.

G. 5 DISTRIBUCIÓN DA MOSTRA DE EMPRESAS POR TAMAÑO DA EMPRESA


Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

A táboa 1 recolle a distribución da mostra por sectores de actividade e tamaño da empresa. Consonte aos criterios de representatividade estatística a partir do deseño mostrai, **o sector servizos é maioritario en todos os estratos de tamaño** e rexistra a porcentaxe máis elevada nas empresas de menos de 10 persoas asalariadas (68,01 %).

Nas empresas **de 10 a 49 persoas traballadoras** e nas **de 50 a 250**, ademais dos **servizos**, teñen un peso significativo as pertencentes ao **sector primario**, con porcentaxes superiores ao 34 %.

Nas compañías **de máis de 250 persoas**, ademais dos **servizos** destaca o peso do **sector industrial**, que representa o 38,46 % do total de empresas dese tamaño.

TÁBOA 1 DISTRIBUCIÓN DA MOSTRA POR SECTORES DE ACTIVIDADE E TAMAÑO DA EMPRESA

SECTORES	Menos de 10 persoas		Entre 10 e 49 persoas		Entre 50 e 250 persoas		Máis de 250 persoas		TOTAL	
	N	%	N	%	N	%	N	%	N	%
Agricultura e pesca	74	11,95	42	37,84	8	34,78	1	7,69	125	16,32
Industria	37	5,98	5	4,50	1	4,35	5	38,46	48	6,27
Construción	87	14,05	2	1,80	1	4,35	1	7,69	91	11,88
Servizos	421	68,01	62	55,86	13	56,52	6	46,15	502	65,54
TOTAL	619	100,00	111	100,00	23	100,00	13	100,00	766	100,00

Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.



4 ANÁLISE COMPARATIVA DOS RESULTADOS DAS ENQUISAS

4.1 A ORGANIZACIÓN DA XORNADA LABORAL

Expóñense nesta epígrafe os resultados das enquisas realizadas relativos á ordenación do tempo de traballo e outras cuestións relacionadas coa organización da xornada laboral; na perspectiva de coñecer a situación actual no tecido produtivo galego de cara ao establecemento de melloras para o benestar laboral da poboación traballadora, axustadas á realidade das empresas.

4.1.1 OS TIPOS DE XORNADA


4.1.1.1 ORGANIZACIÓN SEMANAL DA XORNADA DE TRABALLO

RESULTADOS GLOBAIS

En canto á organización semanal da xornada laboral, como mostran os gráficos nº 6 e nº 7, **en Galicia o máis frecuente é traballar de luns a venres**. Segundo os datos da enquisa á poboación traballadora, **algo máis da metade das e dos asalariados galegos traballan de luns a venres (56,02 %), porcentaxe que na enquisa a empresas ascende ata o 65,67 %**.

Un 21,50 % faíno de luns a sábado, a partir da sondaxe á poboación, e nunha proporción algo máis baixa, segundo a información facilitada polas empresas (14,88 %).

É, porén, moi similar a porcentaxe que, segundo ambas enquisas, traballa todos os días da semana: arredor do 15 %.

G. 6 E G. 7 RESULTADOS GLOBAIS: ORGANIZACIÓN SEMANAL DA XORNADA LABORAL
ENQUISA Á POBOACIÓN ASALARIADA


Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

ENQUISA ÁS EMPRESAS


Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

RESULTADOS POR SECTORES

As táboas nº 2 e nº 3 recollen os datos por sectores de actividade nas sondaxes realizadas.

Segundo a enquisa á poboación asalariada, **a industria e a construción traballan na gran maioría dos casos só de luns a venres, mentres que se observa unha maior variabilidade no sector primario e nos servizos**, nos que traballan de luns a sábado o 30,95 % e o 23,92 %, respectivamente, e case un 18 % das persoas que traballan no sector terciario di facelo todos os días da semana.



TÁBOA 2 DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN ASALARIADA SEGUNDO A ORGANIZACIÓN SEMANAL DA XORNADA LABORAL POR SECTORES DE ACTIVIDADE

ORGANIZACIÓN SEMANAL	Agricultura e pesca	Industria	Construción	Servizos	TOTAL
De luns a venres	50,00%	76,92%	87,80%	50,88%	56,02%
De luns a sábado	30,95%	6,73%	12,20%	23,92%	21,50%
De luns a domingo	14,29%	8,65%	0,00%	17,86%	15,60%
Só a fin de semana	0,00%	1,92%	0,00%	1,75%	1,60%
6 días, noutra distribución	0,00%	1,92%	0,00%	2,39%	2,09%
Outra distribución	0,00%	3,85%	0,00%	3,19%	3,19%
TOTAL	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%

Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

A partir dos datos da enquisa ás empresas, aínda que o máis común en todos os sectores é a semana de luns a venres, as diferenzas son acusadas: **mentres que na industria e na construción case 9 de cada 10 empresas traballan de luns a venres, o sector primario e os servizos presentan unha maior extensión da súa actividade ao longo da semana**. Na agricultura e na pesca existe unha maior variabilidade na distribución, mentres que **no sector terciario traballan de luns a sábado ou de luns a domingo en proporcións semellantes (en torno ao 16 %)**.

TÁBOA 3 DISTRIBUCIÓN DA MOSTRA DE EMPRESAS SEGUNDO A ORGANIZACIÓN SEMANAL DA XORNADA LABORAL POR SECTORES DE ACTIVIDADE

ORGANIZACIÓN SEMANAL	Agricultura e pesca	Industria	Construción	Servizos	TOTAL
De luns a venres	56,80%	89,58%	86,81%	61,75%	65,67%
De luns a sábado	16,00%	6,25%	9,89%	16,33%	14,88%
De luns a domingo	20,00%	4,17%	2,20%	16,14%	14,36%
Unha parte do persoal de luns a venres e outra parte de luns a domingo	3,20%	0,00%	0,00%	1,20%	1,31%
De martes a domingo	0,00%	0,00%	0,00%	1,39%	0,91%
Outras respostas	3,20%	0,00%	0,00%	2,59%	2,22%
Nc	0,80%	0,00%	1,10%	0,60%	0,65%
TOTAL	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%

Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.


A continuación expónse graficamente a comparativa de resultados de ambas as dúas enquisas nos distintos sectores da economía.



AGRICULTURA E PESCA


G. 8 E G. 9 AGRICULTURA E PESCA: ORGANIZACIÓN SEMANAL DA XORNADA LABORAL

ENQUISA Á POBOACIÓN ASALARIADA



Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

ENQUISA ÁS EMPRESAS




Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

INDUSTRIA


G. 10 E G. 11 INDUSTRIA: ORGANIZACIÓN SEMANAL DA XORNADA LABORAL

ENQUISA Á POBOACIÓN ASALARIADA



Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.


ENQUISA ÁS EMPRESAS




Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

CONSTRUCCIÓN
G. 12 E G. 13 CONSTRUCCIÓN: ORGANIZACIÓN SEMANAL DA XORNADA LABORAL
ENQUISA Á POBOACIÓN ASALARIADA



Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

ENQUISA ÁS EMPRESAS


Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

SERVIZOS
G. 14 E G. 15 SERVIZOS: ORGANIZACIÓN SEMANAL DA XORNADA LABORAL
ENQUISA Á POBOACIÓN ASALARIADA


Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

ENQUISA ÁS EMPRESAS


Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.



Nas seguintes táboas recóllense os datos **por subsectores de actividade dentro do sector servizos**, segundo as dúas enquisas realizadas.

Como se indicou no capítulo de Consideracións metodolóxicas, a alta representatividade do sector servizos no conxunto da economía reflíctese nun maior peso mostral en ambas as dúas enquisas, o que permite realizar unha análise polo miúdo dos datos segundo o tipo de actividade; a diferenza doutros sectores que, cun menor tamaño, presentarían erros estatísticos elevados se se desagregan por actividades.

Segundo á enquisa á poboación traballadora por conta allea:

- Nas **actividades administrativas, financeiras e profesionais** (inmobiliarias, seguros, banca, comunicacións, técnicas etc.) e o **sector educativo**³, a inmensa maioría traballa **só de luns a venres**.
- No **comercio –por xunto e polo miúdo– e establecementos de reparación de vehículos** a porcentaxe de persoas entrevistadas que traballa de **luns a sábado ascende ao 43,45 %**, mentres que unha proporción só algo inferior, o **40,69 %, faino de luns a venres**.
- Na **hostalería** o común e xeneralizado é traballar **de luns a sábado ou de luns a domingo**, tal e como indican dous terzos das persoas que traballan neste ámbito.

A enquisa ás empresas mostra unhas tendencias similares, aínda que con variacións nas distribucións porcentuais:

- En sectores como **as actividades financeiras e de seguros e actividades administrativas**, no 93,48 % das empresas afirman traballar **unicamente de luns a venres**.
- Na **educación** obsérvase unha **tendencia semellante**, mentres que nas **actividades sanitarias e de servizos sociais e resto de servizos** hai unha **maior variabilidade**, acorde co tipo de actividade.
- No sector do **comercio e establecementos de reparación de vehículos** a porcentaxe de negocios que traballa de **luns a sábado sitúase no 32,89 %**, mentres que **un 57,89 % das empresas refire traballar só de luns a venres**.

³ Lémbrese que se trata do sector educativo privado, tanto na Enquisa á poboación asalariada como na Enquisa a empresas.



- No sector da **hostalería** os resultados son coherentes co tipo de actividade, pois **no 46,03 % dos negocios traballan toda a semana** e máis dun 25 % con variacións ao longo da semana, mentres que só un 7,94 % faino de luns a venres.
- Nas empresas de **transporte e almacenamento**, aínda que a maioría traballa só de luns a venres, a porcentaxe que o fai os **sete días da semana ascende ao 27,03 %**.

TÁBOA 4 DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN ASALARIADA SEGUNDO A ORGANIZACIÓN SEMANAL DA XORNADA LABORAL POR SUBSECTORES DE ACTIVIDADE NO SECTOR SERVIZOS

ORGANIZACIÓN SEMANAL	Comercio e reparación de vehículos	Transporte e almacen.	Hostalería	Activ. advtas., financ. e profesionais	Educación	Actividades sanitarias e de servizos sociais	Resto de servizos	TOTAL
De luns a venres	40,69%	50,00%	15,63%	78,29%	93,94%	48,21%	36,25%	56,02%
De luns a sábado	43,45%	28,57%	30,21%	8,00%	0,00%	10,71%	32,50%	21,50%
De luns a domingo	11,72%	16,67%	33,33%	11,43%	6,06%	35,71%	17,50%	15,60%
Só a fin de semana	2,76%	0,00%	5,21%	0,00%	0,00%	0,00%	2,50%	1,60%
6 días, noutra distribución	0,00%	4,76%	13,54%	0,00	0,00%	0,00%	0,00%	2,09%
Outra distribución	1,38%	0,00%	2,08%	2,29%	0,00%	5,36%	11,25%	3,19%
TOTAL	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%

Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

TÁBOA 5 DISTRIBUCIÓN DA MOSTRA DE EMPRESAS SEGUNDO A ORGANIZACIÓN SEMANAL DA XORNADA LABORAL POR SUBSECTORES DE ACTIVIDADE NO SECTOR SERVIZOS

ORGANIZACIÓN SEMANAL	Comercio e reparación de vehículos	Transporte e almacen.	Hostalería	Activ. adtvas., financ. e profesionais	Educación	Actividades sanitarias e de servizos sociais	Resto de servizos	TOTAL
De luns a venres	57,89%	54,05%	7,94%	93,48%	82,61%	50,00%	57,63%	65,67%
De luns a sábado	32,89%	13,51%	14,29%	5,07%	13,04%	6,67%	10,17%	14,88%
De luns a domingo	9,21%	27,03%	46,03%	0,72%	4,35%	43,33%	22,03%	14,36%
Unha parte do persoal de luns a venres e outra de luns a domingo	0,00%	5,41%	4,76%	0,00%	0,00%	0,00%	1,69%	0,91%
De martes a domingo	0,00%	0,00%	11,11%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	1,31%
Outras respostas	0,00%	0,00%	12,70%	0,72%	0,00%	0,00%	1,69%	2,22%
Nc	0,00%	0,00%	3,17%	0,72%	0,00%	0,00%	6,78%	0,65%
TOTAL	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%

Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

4.1.1.2 ORGANIZACIÓN DIARIA DA XORNADA DE TRABALLO

RESULTADOS GLOBAIS

En canto á organización diaria e habitual da xornada laboral, os datos das enquisas ofrecen uns resultados que non permiten unha comparanza exacta, posto que nas empresas esta cuestión considerouse de resposta múltiple, é dicir, podían marcar máis dunha resposta, no caso de ter diferentes tipos de xornada para o persoal⁴. Pénsese, por exemplo, no sector industrial ou de servizos no que segundo o tipo de posto ou área coexisten nunha mesma empresa o traballo en quendas co traballo a xornada partida e/ou continua.


G. 16 E G. 17 RESULTADOS GLOBAIS: ORGANIZACIÓN DIARIA DA XORNADA LABORAL

ENQUISA Á POBOACIÓN ASALARIADA



Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

ENQUISA ÁS EMPRESAS⁵



Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

⁴ Outro elemento que, plausiblemente, condicione a elevada porcentaxe de referencias á xornada partida na enquisa a empresas pode ser o elevado peso daquelas de menos de 10 persoas traballadoras, acorde co universo de empresas galegas; a diferenza da enquisa á poboación asalariada, que responde a outros criterios de representatividade poboacional e na que predominan as empresas de maiores dimensións.

⁵ En todos os casos nos que as porcentaxes superan o 100% trátase dunha pregunta na que a empresa indica máis dunha opción (resposta múltiple).

Así, segundo a enquisa á poboación, o **32,68 % traballa en xornada partida, de mañá e tarde, cunha parada para o xantar**. Na enquisa a empresas esta porcentaxe ascende ao **68,54 %**, o que indica unha forte implantación no tecido empresarial galego.

A xornada continua, de mañá, tarde ou noite alcanza o 40,55 % na enquisa á poboación asalariada, mentres que na de empresas a proporción sitúase no 34,20 %.

O 21 % da poboación asalariada traballa en quendas rotativas, proporción que nas empresas cífrase no 14,23 %.

RESULTADOS POR SECTORES

Na enquisa á poboación asalariada, a **xornada partida é claramente predominante na construción (82,93 %)**, mentres que a **continua de mañá** ten un peso destacado no **sector primario e nos servizos**. Coherentemente, o traballo a **quendas en equipos rotativos destácase na industria**.

TÁBOA 6 DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN ASALARIADA SEGUNDO O TIPO DE XORNADA HABITUAL POR SECTORES DE ACTIVIDADE

XORNADA HABITUAL	Agricultura e pesca	Industria	Construción	Servizos	TOTAL
Xornada partida (mañá e tarde, realizando unha parada para a comida)	23,81%	34,62%	82,93%	29,67%	32,68%
Xornada continua de mañá	42,86%	28,85%	9,76%	31,74%	30,84%
Xornada continua de tarde	0,00%	3,85%	7,32%	7,66%	6,76%
Xornada continua de noite	4,76%	5,77%	0,00%	2,55%	2,95%
En equipos rotativos (quendas) de mañá e tarde	9,52%	20,19%	0,00%	15,31%	14,86%
En equipos rotativos (quendas) de mañá, tarde e noite	9,52%	6,73%	0,00%	6,22%	6,14%
Outro tipo de xornada variable ou irregular	9,52%	0,00%	0,00%	6,38%	5,41%
Nc	0,00%	0,00%	0,00%	0,48%	0,37%
TOTAL	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%

Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

Segundo os datos da enquisa ás empresas, a **xornada partida** é a predominante en todos os grandes sectores de actividade, e tamén especialmente na construción (78,02 %).

A **xornada continua** alcanza un 48% de mencións entre as empresas do sector primario, seguida da industria (45,83 %). O traballo en **quendas** destácase tamén na agricultura e pesca e no sector servizos.


TÁBOA 7 DISTRIBUCIÓN DA MOSTRA DE EMPRESAS SEGUNDO O TIPO DE XORNADA HABITUAL POR SECTORES DE ACTIVIDADE

XORNADA HABITUAL	Agricultura e pesca	Industria	Construción	Servizos	TOTAL
Xornada partida (mañá e tarde, realizando unha parada para a comida)	59,20%	62,50%	78,02%	69,72%	68,54%
Xornada continua	48,00%	45,83%	25,27%	31,27%	34,20%
Horarios en equipos rotativos (quendas) de mañá e tarde	9,60%	6,25%	2,20%	10,56%	9,14%
Horarios en equipos rotativos (quendas) de mañá, tarde e noite	6,40%	6,25%	1,10%	5,38%	5,09%
Autonomía/flexibilidade na organización do tempo	3,20%	0,00%	0,00%	1,39%	1,44%
Outras respostas	0,00%	0,00%	2,20%	5,18%	3,66%
Nc	1,60%	0,00%	1,10%	0,40%	0,65%
TOTAL⁶	128,00%	120,83%	109,89%	123,90%	122,72%


Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

A seguir expónse a comparativa gráfica dos resultados de ambas as dúas enquisas nos distintos sectores.


⁶ En todos os casos nos que as porcentaxes superan o 100% trátase dunha pregunta na que a empresa indica máis dunha opción (resposta múltiple).

AGRICULTURA E PESCA
G. 18 E G. 19 AGRICULTURA E PESCA: TIPO DE XORNADA HABITUAL
ENQUISA Á POBOACIÓN ASALARIADA



Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

ENQUISA ÁS EMPRESAS



Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

INDUSTRIA
G. 20 E G. 21 INDUSTRIA: TIPO DE XORNADA HABITUAL
ENQUISA Á POBOACIÓN ASALARIADA



Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

ENQUISA ÁS EMPRESAS



Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

CONSTRUCCIÓN
G. 22 E G. 23 CONSTRUCCIÓN: TIPO DE XORNADA HABITUAL
ENQUISA Á POBOACIÓN ASALARIADA



Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

ENQUISA ÁS EMPRESAS


Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

SERVIZOS
G. 24 E G. 25 SERVIZOS: TIPO DE XORNADA HABITUAL
ENQUISA Á POBOACIÓN ASALARIADA


Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

ENQUISA ÁS EMPRESAS


Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.



Nas seguintes táboas recóllense os datos **por ramos de actividade dentro do sector servizos**, segundo as dúas sondaxes realizadas.

A partir dos datos da enquisa á poboación asalariada:

- A **xornada partida** é máis frecuente entre as persoas que traballan en **actividades comerciais e de reparación de vehículos e na hostalería**.
- No **sector comercial** obsérvase tamén un maior peso comparativo do traballo en **quendas rotativas de mañá e tarde**.
- Nas **actividades administrativas e profesionais, no resto de servizos e, sobre todo, no sector educativo**, son máis frecuentes as **xornadas continuas de mañá**.
- As **actividades sanitarias e de servizos sociais** e as de **transporte e almacenamento** presentan unha **maior variabilidade** de tipo de xornada.

Segundo a enquisa a empresas:

- O peso da **xornada partida** é abrumador no comercio e nas **actividades administrativas, financeiras e profesionais, seguidas polas de transporte e almacenamento**.
- A **xornada continua** é tan frecuente como a **partida** nas empresas da mostra do **sector educativo**.
- Outros sectores teñen un peso significativo da **combinación da xornada partida, da continua e do traballo a quendas**. Este é o caso da **hostalería** e as **actividades sanitarias e de servizos sociais**.

TÁBOA 8 DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN ASALARIADA SEGUNDO O TIPO DE XORNADA HABITUAL POR SUBSECTORES DE ACTIVIDADE NO SECTOR SERVIZOS

XORNADA HABITUAL	Comercio e reparación de vehículos	Transporte e almacen.	Hostalería	Activ. adtv. , financ. e profesionais	Educación	Actividades sanitarias e de servizos sociais	Resto de servizos	TOTAL
Xornada partida (mañá e tarde, cunha parada para a comida)	38,62%	30,95%	31,25%	29,71%	15,15%	23,21%	21,25%	29,67%
Xornada continua de mañá	18,62%	16,67%	25,00%	42,29%	54,55%	21,43%	46,25%	31,74%
Xornada continua de tarde	6,90%	9,52%	12,50%	5,71%	12,12%	7,14%	5,00%	7,66%
Xornada continua de noite	2,76%	7,14%	1,04%	2,29%	0,00%	3,57%	2,50%	2,55%
En equipos rotativos (quendas) de mañá e tarde	25,52%	19,05%	14,58%	9,14%	6,06%	19,64%	10,00%	15,31%
En equipos rotativos (quendas) de mañá, tarde e noite	7,59%	7,14%	7,29%	4,00%	0,00%	17,86%	1,25%	6,22%
Outro tipo de xornada variable ou irregular	0,00%	9,52%	8,33%	6,86%	12,12%	7,14%	10,00%	6,38%
Nc	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	3,75%	0,48%
TOTAL	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%

Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

TÁBOA 9 DISTRIBUCIÓN DA MOSTRA DE EMPRESAS SEGUNDO O TIPO DE XORNADA HABITUAL POR SUBSECTORES DE ACTIVIDADE NO SECTOR SERVIZOS

XORNADA HABITUAL	Comercio e reparación de vehículos	Transporte e almacen.	Hostalería	Activ. adtvas., financ. e profesionais	Educación	Actividades sanitarias e de servizos sociais	Resto de servizos	TOTAL
Xornada partida (mañá e tarde, cunha parada para a comida)	78,95%	75,68%	41,27%	78,99%	56,52%	63,33%	59,32%	69,72%
Xornada continua	19,08%	29,73%	44,44%	26,09%	56,52%	43,33%	45,76%	31,27%
Horarios en equipos rotativos (quendas) de mañá e tarde	10,53%	5,41%	23,81%	3,62%	0,00%	20,00%	15,25%	10,56%
Horarios en equipos rotativos (quendas) de mañá, tarde e noite	0,66%	2,70%	20,63%	0,00%	0,00%	36,67%	1,69%	5,38%
Autonomía/flexibilidade na organización do tempo	0,00%	5,41%	1,59%	2,17%	4,35%	0,00%	0,00%	1,39%
Outras respostas	3,29%	10,81%	6,35%	6,52%	0,00%	6,67%	3,39%	5,18%
Nc	0,00%	0,00%	1,59%	0,00%	0,00%	0,00%	1,69%	0,40%
TOTAL⁷	112,50%	129,73%	139,68%	117,39%	117,39%	170,00%	127,12%	123,90%

Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

⁷ En todos os casos nos que as porcentaxes superan o 100% trátase dunha pregunta na que a empresa indica máis dunha opción (resposta múltiple).


4.1.1.3 OUTRO TIPO DE XORNADA AO LONGO DO ANO DISTINTA DA HABITUAL

RESULTADOS GLOBAIS

Ademais da xornada habitual, a enquisa indagaba a eventual realización doutro tipo de xornada distinta ao longo do ano.

Algo máis de 7 de cada 10 persoas asalariadas afirman non facer ningún cambio na xornada habitual ao longo do ano, tendencia similar á que recolle a enquisa a empresas, na que a porcentaxe que non varía a distribución do tempo de traballo sitúase no 62,40 %.

G. 26 E G. 27 RESULTADOS GLOBAIS: OUTRO TIPO DE XORNADA AO LONGO DO ANO DISTINTA DA HABITUAL



Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

Un 21,74 % das persoas traballadoras por conta allea varía a organización da xornada en verán ou noutra época do ano, principalmente mantendo o mesmo número de horas de traballo (13,51 %). Segundo a información das empresas, o 26,63 % fai xornada continua en verán –ou noutra época–, e, porén, neste caso, é maior a proporción de empresas que reduce o número de horas neste período (15,01

%) que a daquelas que traballan de xeito continuado pero sen reducir o número de horas (11,62 %).

RESULTADOS POR SECTORES

Segundo os sectores de actividade, na enquisa á poboación asalariada, as persoas empregadas na **industria e na construción** son as que **acceden en menor medida a cambios sobre a xornada habitual de traballo**.

En todo caso, estes resultados deben interpretarse con cautela, posto que a variación do tipo de xornada ao longo do ano pode verse determinada pola actividade profesional desenvolvida, máis que polo sector concreto de encadramento; por exemplo, dentro dun mesmo sector como pode ser a construción e a industria, o tipo de posto –persoal de administración ou persoal operario– pode condicionar o cambio de xornada ao longo do ano.

TÁBOA 10 DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN ASALARIADA SEGUNDO OUTRO TIPO DE XORNADA AO LONGO DO ANO DISTINTA DA HABITUAL POR SECTORES DE ACTIVIDADE

OUTRO TIPO DE XORNADA	Agricultura e pesca	Industria	Construción	Servizos	TOTAL
Si, xornada continua en verán ou noutra época co mesmo número de horas	23,81%	12,50%	19,51%	12,60%	13,51%
Si, xornada continua e reducida en verán ou noutra época con menor nº de horas	0,00%	6,73%	2,44%	9,41%	8,23%
Si, en horario de inverno temos a tarde do venres libre	0,00%	0,00%	9,76%	2,07%	2,09%
Non, non facemos ningún cambio na xornada habitual	71,43%	77,88%	75,61%	70,65%	71,87%
Outra	4,76%	0,96%	4,88%	5,58%	4,91%
Nc	0,00%	1,92%	0,00%	1,59%	1,47%
TOTAL⁸	100,00%	100,00%	112,20%	101,91%	102,09%

Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

⁸ Por tratarse dunha pregunta na que as persoas entrevistadas podían contestar a máis dunha opción (obviamente non contraditorias); neste caso, ter tanto ter tanto a tarde do venres libre en inverno como xornada continua en verán, tratábase dunha resposta múltiple, de maneira que a suma de porcentaxes supera o 100 %.

Os datos da enquisa ás empresas mostran que **a construción é onde menor variabilidade hai respecto da xornada habitual ao longo do ano**, seguida da agricultura e a pesca.

O sector servizos e a industria son, pola contra, os que máis modifican a xornada habitual neste estudo, sobre todo nas empresas de servizos, a través da xornada continua e con menor número de horas nos meses de verán.


TÁBOA 11 DISTRIBUCIÓN DA MOSTRA DE EMPRESAS SEGUNDO OUTRO TIPO DE XORNADA AO LONGO DO ANO DISTINTA DA HABITUAL POR SECTORES DE ACTIVIDADE

OUTRO TIPO DE XORNADA	Agricultura e pesca	Industria	Construción	Servizos	TOTAL
Si, xornada continúa en verán ou noutra época co mesmo número de horas	8,00%	16,67%	9,89%	12,35%	11,62%
Si, xornada continúa e reducida en verán ou noutra época con menor nº de horas	12,80%	6,25%	3,30%	18,53%	15,01%
Si, en horario de inverno temos a tarde do venres libre	3,20%	8,33%	3,30%	8,37%	6,92%
Non, non facemos ningún cambio na xornada habitual	71,20%	58,33%	74,73%	58,37%	62,40%
Adaptada ás necesidades da clientela, produción	1,60%	2,08%	0,00%	1,59%	1,44%
Outras respostas	1,60%	2,08%	1,10%	5,38%	4,05%
Nc	4,80%	12,50%	8,79%	3,78%	5,09%
TOTAL⁹	103,20%	106,25%	101,10%	108,37%	106,53%


Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

A continuación, expónse a serie gráfica da comparativa das enquisas para cada sector da economía.


⁹ Por tratarse dunha pregunta na que as empresas podían marcar máis dunha opción (resposta múltiple), a suma de porcentaxes, calculada sobre o base do número de empresas, supera o 100 %.

AGRICULTURA E PESCA
**G. 28 E G. 29 AGRICULTURA E PESCA: OUTRO TIPO DE XORNADA AO LONGO DO ANO
DISTINTA DA HABITUAL**
ENQUISA Á POBOACIÓN ASALARIADA



Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

ENQUISA ÁS EMPRESAS



Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

INDUSTRIA
**G. 30 E G. 31 INDUSTRIA: OUTRO TIPO DE XORNADA AO LONGO DO ANO DISTINTA DA
HABITUAL**
ENQUISA Á POBOACIÓN ASALARIADA



Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

ENQUISA ÁS EMPRESAS



Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

CONSTRUCCIÓN
G. 32 E G. 33 CONSTRUCCIÓN: OUTRO TIPO DE XORNADA AO LONGO DO ANO DISTINTA DA HABITUAL
ENQUISA Á POBOACIÓN ASALARIADA



Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

ENQUISA ÁS EMPRESAS


Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

SERVIZOS
G. 34 E G. 35 SERVIZOS: OUTRO TIPO DE XORNADA AO LONGO DO ANO DISTINTA DA HABITUAL
ENQUISA Á POBOACIÓN ASALARIADA


Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

ENQUISA ÁS EMPRESAS


Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

As táboas que se expoñen nas seguintes páxinas detallan os resultados obtidos nos estudos realizados para as distintas **actividades que integran o sector servizos**.

Segundo a enquisa á poboación asalariada:

- As **actividades administrativas, financeiras e profesionais son as que máis aplican o cambio de xornada na época estival**, xa sexa realizando o mesmo número de horas ou menos que no resto do ano.
- No polo oposto, as persoas que traballan **en actividades sanitarias e de servizos sociais** e nas empresas clasificadas "**noutros servizos**" son as que **menos refiren dispoñer xornada continua no verán**.

A enquisa a empresas mostra a mesma tendencia en canto a que son **as empresas do eido administrativo, financeiro e profesional as que máis varían de horario ao longo do ano coa xornada continua de verán**. No polo oposto sitúanse as empresas de transporte e almacenamento.

TÁBOA 12 DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN ASALARIADA SEGUNDO OUTRO TIPO DE XORNADA AO LONGO DO ANO DISTINTA DA HABITUAL POR SUBSECTORES DE ACTIVIDADE NO SECTOR SERVIZOS

OUTRO TIPO DE XORNADA	Comercio e reparación de vehículos	Transporte e almacen.	Hostalería	Activ. advvas., financ. e profesionais	Educación	Actividades sanitarias e de servizos sociais	Resto de servizos	TOTAL
Si, xornada continua en verán ou noutra época co mesmo número de horas	10,34%	16,67%	14,58%	19,43%	15,15%	0,00%	5,00%	12,60%
Si, xornada continua e reducida en verán ou noutra época con menor nº de horas	6,21%	4,76%	4,17%	18,86%	18,18%	3,57%	3,75%	9,41%
Si, en horario de inverno temos a tarde do venres libre	0,69%	4,76%	4,17%	2,86%	0,00%	0,00%	1,25%	2,07%
Non, non facemos ningún cambio na xornada habitual	77,24%	76,19%	71,88%	57,14%	72,73%	82,14%	75,00%	70,65%
Outra	6,21%	2,38%	5,21%	2,29%	0,00%	10,71%	12,50%	5,58%
Nc	0,69%	0,00%	3,13%	0,57%	0,00%	3,57%	3,75%	1,59%
TOTAL¹⁰	101,38%	104,76%	103,13%	101,14%	106,06%	100,00%	101,25%	101,91%

Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

¹⁰ Por tratarse dunha pregunta na que as persoas entrevistadas podían contestar a máis dunha opción (obviamente non contraditorias); neste caso, ter tanto ter tanto a tarde do venres libre en inverno como xornada continua en verán, tratábase dunha resposta múltiple, de maneira que a suma de porcentaxes supera o 100 %.

TÁBOA 13 DISTRIBUCIÓN DA MOSTRA DE EMPRESAS SEGUNDO OUTRO TIPO DE XORNADA AO LONGO DO ANO DISTINTA DA HABITUAL POR SUBSECTORES DE ACTIVIDADE NO SECTOR SERVIZOS

XORNADA HABITUAL	Comercio e reparación de vehículos	Transporte e almacen.	Hostalería	Activ. adtvas. , financ. e profesionais	Educación	Actividades sanitarias e de servizos sociais	Resto de servizos	TOTAL
Si, xornada continua en verán ou noutra época co mesmo número de horas	13,16%	2,70%	6,35%	18,12%	8,70%	13,33%	10,17%	12,35%
Si, xornada continua e reducida en verán ou noutra época con menor nº de horas	8,55%	0,00%	6,35%	41,30%	34,78%	10,00%	13,56%	18,53%
Si, en horario de inverno temos a tarde do venres libre	4,61%	0,00%	1,59%	22,46%	0,00%	3,33%	3,39%	8,37%
Non, non facemos ningún cambio na xornada habitual	69,08%	89,19%	66,67%	33,33%	47,83%	70,00%	59,32%	58,37%
Adaptada ás necesidades da clientela, produción	1,32%	2,70%	6,35%	0,00%	0,00%	0,00%	1,69%	1,59%
Outras respostas	3,29%	0,00%	7,94%	5,80%	8,70%	3,33%	10,17%	5,38%
Nc	3,29%	5,41%	7,94%	1,45%	0,00%	3,33%	6,78%	3,78%
TOTAL¹¹	103,29%	100,00%	103,17%	122,46%	100,00%	103,33%	105,08%	108,37%

Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

¹¹ Por tratarse dunha pregunta na que as empresas podían marcar máis dunha opción (resposta múltiple), a suma de porcentaxes, calculada sobre o base do número de empresas, supera o 100 %.

4.1.2 OS HORARIOS

4.1.2.1 OS HORARIOS DE COMEZO E FINALIZACIÓN DA XORNADA


4.1.2.1.1 Horario de comezo

RESULTADOS GLOBAIS

Como pode comprobarse nos seguintes gráficos, segundo os dous estudos realizados, o máis frecuente é que a xornada laboral comece entre as 08:00 e as 10:00 horas, aínda que **na enquisa ás empresas predominan as referencias a horarios máis temperáns (entre as 07:00 e as 09:00 h.) que na enquisa á poboación asalariada¹².**


G. 36 E G. 37 RESULTADOS GLOBAIS: HORARIO DE COMEZO DA XORNADA LABORAL

ENQUISA Á POBOACIÓN ASALARIADA



Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

ENQUISA ÁS EMPRESAS



Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

¹² Téñase en conta que na enquisa á poboación asalariada excluíuse desta pregunta a aquelas persoas traballadoras con xornada irregular de traballo e aquelas que traballan en quendas rotativas (de mañá e tarde ou mañá, tarde e noite) é que, polo tanto, non teñen un horario de traballo fixo, de aí que os datos se circunscriban a unha fracción mostral de 596 persoas.

RESULTADOS POR SECTORES

Por sectores de actividade, na enquisa á poboación compróbase que **os horarios máis temperáns danse no sector primario e na industria**, onde son minoritarias as persoas con horario fixo que comezan a xornada das 09:00 horas en diante.

No sector **servizos** comézase sobre todo entre as 08:00 e as 09:00 h. e **entre as 09:00 e as 10:00 horas, neste último caso en maior proporción (31,18 %)**. Na **construción** é onde se observa unha **menor variabilidade**, pois **preto da metade das persoas asalariadas comeza entre as 08:00 e as 09:00 horas**.

TÁBOA 14 FRACCIÓN MOSTRAL. DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN ASALARIADA CON HORARIO REGULAR SEGUNDO O HORARIO DE COMEZO DA XORNADA LABORAL POR SECTORES DE ACTIVIDADE (n=596)

HORARIO DE COMEZO	Agricultura e pesca	Industria	Construción	Servizos	TOTAL
Entre as 5:00 e as 7:00 h.	0,00%	10,53%	0,00%	3,12%	3,69%
Entre as 7:00 e as 8:00 h.	33,33%	18,42%	12,20%	9,35%	11,91%
Entre as 8:00 e as 9:00 h.	33,33%	35,53%	46,34%	23,83%	27,35%
Entre as 9:00 e as 10:00 h.	20,00%	17,11%	34,15%	30,73%	28,69%
Entre as 10:00 e as 11:00 h.	6,67%	5,26%	0,00%	13,59%	11,24%
Entre as 11:00 e as 16:00 h.	0,00%	5,26%	4,88%	12,03%	10,07%
Outros	6,67%	7,89%	2,44%	7,35%	7,05%
TOTAL	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%

Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

A enquisa ás empresas recolle tendencias similares: **os horarios de inicio máis temperáns teñen lugar na agricultura e na pesca e na industria**, onde son minoritarias as empresas que comezan a xornada das 09:00 horas en diante. No sector **servizos** e en proporción semellante comézase sobre todo entre as 08:00 e antes das 09:00 e entre as 09:00 e as 10:00 h. Do mesmo xeito, **na construción é onde se observa unha menor variación**, pois máis da metade das empresas comeza entre as 08:00 e as 09:00 horas.

TÁBOA 15 DISTRIBUCIÓN DA MOSTRA DE EMPRESAS SEGUNDO O HORARIO DE COMEZO DA XORNADA LABORAL POR SECTORES DE ACTIVIDADE

HORARIO DE COMEZO	Agricultura e pesca	Industria	Construción	Servizos	TOTAL
Entre as 07:00 e as 08:00 h	36,00%	37,50%	26,37%	18,53%	23,50%
Entre as 08:00 e as 09:00 h	28,00%	35,42%	56,04%	30,68%	33,55%
Entre as 09:00 e as 10:00 h	20,00%	14,58%	13,19%	31,67%	26,50%
Entre as 10:00 e as 11:00 h	0,00%	0,00%	1,10%	6,97%	4,70%
Outros ¹⁵	8,80%	10,42%	1,10%	7,97%	7,44%
Nc	7,20%	2,08%	2,20%	4,18%	4,31%
TOTAL	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%

Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

A continuación ofrécese a comparativa gráfica dos resultados das enquisas para cada sector da economía.


¹⁵ A categoría "Outros" inclúe outros horarios de inicio da xornada, principalmente actividades económicas en horario nocturno; comezo ás 06:00 horas; horario variable etc.



AGRICULTURA E PESCA


G. 38 E G. 39 AGRICULTURA E PESCA: HORARIO DE COMEZO DA XORNADA LABORAL

ENQUISA Á POBOACIÓN ASALARIADA



Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

ENQUISA ÁS EMPRESAS




Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

INDUSTRIA


G. 40 E G. 41 INDUSTRIA: HORARIO DE COMEZO DA XORNADA LABORAL

ENQUISA Á POBOACIÓN ASALARIADA




Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.


ENQUISA ÁS EMPRESAS




Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

CONSTRUCCIÓN
G. 42 E G. 43 CONSTRUCCIÓN: HORARIO DE COMEZO DA XORNADA LABORAL
ENQUISA Á POBOACIÓN ASALARIADA



Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

ENQUISA ÁS EMPRESAS


Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

SERVIZOS
G. 44 E G. 45 SERVIZOS: HORARIO DE COMEZO DA XORNADA LABORAL
ENQUISA Á POBOACIÓN ASALARIADA


Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

ENQUISA ÁS EMPRESAS


Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.



A lectura dos datos por **subsector de actividade pertencentes ao sector servizos** mostra as seguintes tendencias:

- Na enquisa á poboación asalariada **os horarios de comezo máis tardíos, acorde co tipo de actividade, obsérvanse na hostalería**. Nas restantes actividades o máis frecuente é **a tendencia xeral comentada**, de inicio entre as 08:00 e as 10:00 horas.
- A enquisa ás empresas mostra que **a maior variabilidade horaria está tamén presente na hostalería**, seguida das empresas encadradas no "resto de servizos" e nas actividades sanitarias e servizos sociais.

TÁBOA 16 FRACCIÓN MOSTRAL. DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN ASALARIADA CON HORARIO REGULAR SEGUNDO O HORARIO DE COMEZO DA XORNADA LABORAL, POR SUBSECTORES DE ACTIVIDADE NO SECTOR SERVIZOS (n=449)

HORARIO DE COMEZO	Comercio e reparación de vehículos	Transporte e almacen.	Hostalería	Activ. adtv. , financ. e profesionais	Educación	Actividades sanitarias e de servizos sociais	Resto de servizos	TOTAL
Entre as 05:00 e as 07:00 h.	5,15%	14,81%	0,00%	3,57%	0,00%	0,00%	0,00%	3,12%
Entre as 07:00 e as 08:00 h.	8,25%	7,41%	8,96%	9,29%	14,81%	0,00%	15,00%	9,35%
Entre as 08:00 e as 09:00 h.	14,43%	22,22%	13,43%	30,71%	40,74%	35,48%	21,67%	23,83%
Entre as 09:00 e as 10:00 h.	37,11%	29,63%	8,96%	40,71%	25,93%	22,58%	28,33%	30,73%
Entre as 10:00 e as 11:00 h.	16,49%	0,00%	26,87%	5,71%	3,70%	19,35%	20,00%	13,59%
Entre as 11:00 e as 16:00 h.	12,37%	7,41%	34,33%	4,29%	7,41%	12,90%	8,33%	12,03%
Outros	6,19%	18,52%	7,46%	5,71%	7,41%	9,68%	6,67%	7,35%
TOTAL	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%

Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

TÁBOA 17 DISTRIBUCIÓN DA MOSTRA DE EMPRESAS SEGUNDO O HORARIO DE COMEZO DA XORNADA LABORAL POR SUBSECTORES DE ACTIVIDADE NO SECTOR SERVIZOS

HORARIO DE COMEZO	Comercio e reparación de vehículos	Transporte e almacen.	Hostalería	Activ. advtas., financ. e profesionais	Educación	Actividades sanitarias e de servizos sociais	Resto de servizos	TOTAL
Entre as 07:00 e as 08:00 h	15,79%	16,22%	26,98%	10,87%	17,39%	30,00%	30,51%	18,53%
Entre as 08:00 e as 09:00 h	30,92%	40,54%	12,70%	43,48%	30,43%	13,33%	22,03%	30,68%
Entre as 09:00 e as 10:00 h	43,42%	16,22%	3,17%	36,96%	34,78%	30,00%	28,81%	31,67%
Entre as 10:00 e as 11:00 h	5,26%	5,41%	19,05%	4,35%	8,70%	6,67%	5,08%	6,97%
Outros ¹⁴	0,66%	21,62%	25,40%	2,90%	4,35%	10,00%	11,86%	7,97%
Nc	3,95%	0,00%	12,70%	1,45%	4,35%	10,00%	1,69%	4,18%
TOTAL	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%

Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

¹⁴ A categoría "Outros" inclúe outros horarios de inicio da xornada, principalmente actividades económicas en horario nocturno; comezo ás 06:00 horas; horario variable etc.

4.1.2.1.2 Horario de finalización


RESULTADOS GLOBAIS

Polo que respecta aos horarios de finalización da xornada na enquisa á poboación asalariada obsérvase unha maior dispersión ao longo das franxas horarias que na enquisa ás empresas. Non obstante, se se agregan as porcentaxes constátanse **tendencias bastante similares**:

- Un **45 %** da poboación asalariada con horario regular remata a xornada a partir das 18:00 horas, proporción que na enquisa a empresa chega ata o **51,83 %**.
- Un **35,57 %** das persoas traballadoras acaba de traballar antes das 18:00 h., porcentaxe practicamente igual ao que arroxa a enquisa contestada por empresas (**36,42 %**).

G. 46 E G. 47 RESULTADOS GLOBAIS: HORARIO DE FINALIZACIÓN DA XORNADA LABORAL

ENQUISA Á POBOACIÓN ASALARIADA



Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

ENQUISA ÁS EMPRESAS



Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

RESULTADOS POR SECTORES

Segundo os datos da enquisa á poboación asalariada, a análise por sectores de actividade mostra que:

- En consonancia cos horarios de comezo da xornada, comparativamente máis temperás, **as persoas que traballan na agricultura e na pesca e no sector industrial tamén son as que antes rematan a xornada**: o 43,33 % das persoas asalariadas no sector primario e o 40,79 % que traballa na industria finalizan antes das 17:00 horas.
- Se se agrega a **proporción de persoas que finalizan antes das 18:00 h.**, a porcentaxe máis elevada detéctase na **industria (55,26 %)**.

TÁBOA 18 FRACCIÓN MOSTRAL. DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN ASALARIADA SEGUNDO O HORARIO DE FINALIZACIÓN DA XORNADA LABORAL POR SECTORES DE ACTIVIDADE (n=596)

HORARIO DE FINALIZACIÓN	Agricultura e pesca	Industria	Construción	Servizos	TOTAL
Entre as 14:00 e as 15:00 h.	6,67%	14,47%	0,00%	12,47%	11,58%
Entre as 15:00 e as 16:00 h.	23,33%	15,79%	4,88%	15,59%	15,27%
Entre as 16:00 e as 17:00 h.	20,00%	10,53%	4,88%	8,46%	9,06%
Entre as 17:00 e as 18:00 h.	0,00%	11,84%	34,15%	7,57%	9,56%
Entre as 18:00 e as 19:00 h.	3,33%	22,37%	19,51%	7,35%	9,90%
Entre as 19:00 e as 20:00 h.	6,67%	6,58%	17,07%	8,69%	8,89%
Entre as 20:00 e as 21:00 h.	6,67%	2,63%	9,76%	18,93%	15,60%
Despois das 21:00 h.	0,00%	7,89%	9,76%	10,02%	9,23%
Outros	33,33%	7,89%	0,00%	8,46%	9,06%
Nc	0,00%	0,00%	0,00%	2,45%	1,85%
TOTAL	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%

Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

Na enquisa ás empresas reproducécese a **mesma tendencia no que respecta ao sector primario**, en consonancia cun comezo máis temperán. **Na construción o máis habitual é finalizar entre as 18:00 e as 19:00 horas (43,96 %)**, mentres que na **industria** hai unha maior dispersión horaria, aínda que **un terzo das empresas remata tamén entre as 18:00 e as 19:00 horas e un 47,91 % antes das**



18:00 h. Os **servizos**, pola súa banda, mostran unha **distribución horaria moi parella á do total de empresas**, acorde co seu peso na mostra.


TÁBOA 19 DISTRIBUCIÓN DA MOSTRA DE EMPRESAS SEGUNDO O HORARIO DE FINALIZACIÓN DA XORNADA LABORAL POR SECTORES DE ACTIVIDADE

HORARIO DE FINALIZACIÓN	Agricultura e pesca	Industria	Construción	Servizos	TOTAL
Entre as 15:00 e as 16:00 h	30,40%	14,58%	13,19%	15,94%	17,89%
Entre as 16:00 e as 17:00 h	4,00%	14,58%	4,40%	6,57%	6,40%
Entre as 17:00 e as 18:00 h	12,00%	18,75%	15,38%	10,96%	12,14%
Entre as 18:00 e as 19:00 h	18,40%	33,33%	43,96%	18,92%	22,72%
Entre as 19:00 e as 20:00 h	12,00%	6,25%	17,58%	21,51%	18,54%
Entre as 20:00 e as 21:00 h	5,60%	0,00%	0,00%	9,16%	6,92%
Despois das 21:00 h	1,60%	0,00%	2,20%	4,78%	3,66%
Outros ¹⁵	8,80%	10,42%	1,10%	7,97%	7,44%
Nc	7,20%	2,08%	2,20%	4,18%	4,31%
TOTAL	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%

Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

Nas seguintes páxinas ofrécese a comparativa de resultados por sector de actividade.


¹⁵ Esta categoría agrega "outros" horarios sinalados, distintos dos que recolle o cuestionario: horario variable polo tipo de actividade; xornada nocturna etc.

AGRICULTURA E PESCA
G. 48 E G. 49 AGRICULTURA E PESCA: HORARIO DE FINALIZACIÓN DA XORNADA LABORAL
ENQUISA Á POBOACIÓN ASALARIADA


Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

ENQUISA ÁS EMPRESAS



Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

INDUSTRIA
G. 50 E G. 51 INDUSTRIA: HORARIO DE FINALIZACIÓN DA XORNADA LABORAL
ENQUISA Á POBOACIÓN ASALARIADA



Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

ENQUISA ÁS EMPRESAS



Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

CONSTRUCCIÓN
G. 52 E G. 53 CONSTRUCCIÓN: HORARIO DE FINALIZACIÓN DA XORNADA LABORAL
ENQUISA Á POBOACIÓN ASALARIADA



Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

ENQUISA ÁS EMPRESAS


Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

SERVIZOS
G. 54 E G. 55 SERVIZOS: HORARIO DE FINALIZACIÓN DA XORNADA LABORAL
ENQUISA Á POBOACIÓN ASALARIADA


Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

ENQUISA ÁS EMPRESAS


Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.



Por **tipo de actividade, no marco do sector servizos**, obsérvanse as seguintes tendencias:

Na enquisa á poboación asalariada:

- A **actividade comercial e de talleres** presenta un peso significativo dos **horarios tardíos**, seguida das **actividades sanitarias e de servizos sociais e o "resto de servizos"**.
- A **hostalería e as empresas de transporte e almacenamento** presentan, sobre todo, unha **alta dispersión horaria** na distribución.

Na enquisa ás empresas:

- Reprodúcese a mesma tendencia en canto á unha **alta variabilidade horaria nos transportes e almacenamento e na hostalería**.
- O **comercio e a reparación de vehículos** concentra as saídas **entre as 19:00 e as 21:00 horas**.
- A **maior uniformidade horaria** detéctase nas **actividades administrativas, financeiras e profesionais**, nas que a metade das empresas rematan a xornada entre as 17:00 e as 19:00 h., en especial **entre as 18:00 e as 19:00 horas (28,99 %)**.

TÁBOA 20 FRACCIÓN MOSTRAL. DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN ASALARIADA CON HORARIO REGULAR SEGUNDO O HORARIO DE FINALIZACIÓN DA XORNADA LABORAL, POR SUBSECTORES DE ACTIVIDADE NO SECTOR SERVIZOS (n=596)

HORARIO DE FINALIZACIÓN	Comercio e reparación de vehículos	Transporte e almacen.	Hostalería	Activ. adtv. , financ. e profesionais	Educación	Actividades sanitarias e de servizos sociais	Resto de servizos	TOTAL
Entre as 14:00 e as 15:00 h.	9,28%	7,41%	8,96%	12,86%	29,63%	6,45%	18,33%	12,47%
Entre as 15:00 e as 16:00 h.	12,37%	0,00%	8,96%	21,43%	25,93%	16,13%	16,67%	15,59%
Entre as 16:00 e as 17:00 h.	3,09%	22,22%	14,93%	9,29%	0,00%	6,45%	6,67%	8,46%
Entre as 17:00 e as 18:00 h.	5,15%	3,70%	16,42%	10,00%	0,00%	9,68%	0,00%	7,57%
Entre as 18:00 e as 19:00 h.	12,37%	18,52%	0,00%	8,57%	7,41%	0,00%	3,33%	7,35%
Entre as 19:00 e as 20:00 h.	9,28%	14,81%	8,96%	9,29%	7,41%	12,90%	1,67%	8,69%
Entre as 20:00 e as 21:00 h.	28,87%	0,00%	14,93%	17,14%	3,70%	29,03%	21,67%	18,93%
Despois das 21:00 h.	10,31%	18,52%	14,93%	4,29%	14,81%	6,45%	13,33%	10,02%
Outros	6,19%	14,81%	0,00%	7,14%	11,11%	12,90%	18,33%	8,46%
Nc	3,09%	0,00%	11,94%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	2,45%
TOTAL	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%

Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

TÁBOA 21 DISTRIBUCIÓN DA MOSTRA DE EMPRESAS SEGUNDO O HORARIO DE FINALIZACIÓN DA XORNADA LABORAL POR SUBSECTORES DE ACTIVIDADE NO SECTOR SERVIZOS

HORARIO DE FINALIZACIÓN	Comercio e reparación de vehículos	Transporte e almacen.	Hostalería	Activ. advtas., financ. e profesionais	Educación	Actividades sanitarias e de servizos sociais	Resto de servizos	TOTAL
Entre as 15:00 e as 16:00 h.	11,18%	13,51%	20,63%	12,32%	21,74%	16,67%	30,51%	15,94%
Entre as 16:00 e as 17:00 h.	4,61%	10,81%	9,52%	7,25%	13,04%	3,33%	3,39%	6,57%
Entre as 17:00 e as 18:00 h.	7,89%	10,81%	12,70%	18,84%	4,35%	3,33%	5,08%	10,96%
Entre as 18:00 e as 19:00 h.	19,08%	18,92%	1,59%	28,99%	13,04%	10,00%	20,34%	18,92%
Entre as 19:00 e as 20:00 h.	38,16%	16,22%	0,00%	23,19%	8,70%	16,67%	8,47%	21,51%
Entre as 20:00 e as 21:00 h.	10,53%	8,11%	1,59%	5,07%	30,43%	26,67%	6,78%	9,16%
Despois das 21:00 h.	3,95%	0,00%	15,87%	0,00%	0,00%	3,33%	11,86%	4,78%
Outros¹⁶	0,66%	21,62%	25,40%	2,90%	4,35%	10,00%	11,86%	7,97%
Nc	3,95%	0,00%	12,70%	1,45%	4,35%	10,00%	1,69%	4,18%
TOTAL	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%

Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

¹⁶ Esta categoría agrega "outros" horarios sinalados, distintos dos que recolle o cuestionario: horario variable polo tipo de actividade; xornada nocturna etc.

4.1.2.2 A XORNADA PARTIDA: DURACIÓN DO DESCANSO

RESULTADOS GLOBAIS

O tempo dedicado á pausa do descanso/xantar entre a mañá e a tarde foi outra das cuestións indagadas nos dous estudos realizados.


Contestaban a esta resposta as persoas con xornada partida e as empresas nas que todo ou unha parte do seu persoal realiza este tipo de xornada.

A comparativa pon de manifesto resultados semellantes, en liñas xerais. Así, **os resultados obtidos en ambas as dúas enquisas apuntan a longas pausas en boa parte das empresas: en concreto, a metade das persoas asalariadas con xornada partida realiza paradas de cando menos dúas horas: un 27,97 % de dúas horas e unha proporción só algo menor supera ese tempo (22,56 %).**

Segundo os datos das **empresas**, a porcentaxe agregada de **dúas ou máis horas de descanso alcanza o 54,95 %.**


G. 56 E G. 57 RESULTADOS GLOBAIS: TEMPO DEDICADO Á PARADA DE DESCANSO/XANTAR ENTRE A XORNADA DE MAÑÁ E A DE TARDE

ENQUISA Á POBOACIÓN ASALARIADA



Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

ENQUISA ÁS EMPRESAS



Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

RESULTADOS POR SECTORES

Segundo a enquisa á poboación, por sectores de actividade, **as paradas máis longas realízanas as persoas que traballan no sector servizos, mentres que as máis breves obsérvanse na industria e na construción.**

TÁBOA 22 FRACCIÓN MOSTRAL. DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN ASALARIADA CON XORNADA PARTIDA SEGUNDO O TEMPO DEDICADO Á PARADA DE DESCANSO/XANTAR ENTRE A XORNADA DE MAÑÁ E A DE TARDE POR SECTORES DE ACTIVIDADE (n=266)

TEMPO DA PAUSA	Agricultura e pesca	Industria	Construción	Servizos	TOTAL
Entre media hora e menos de 1 hora	30,00%	25,00%	17,65%	5,91%	10,90%
De 1 hora	10,00%	27,78%	29,41%	13,98%	17,67%
De máis de 1 hora e menos de 2 horas	0,00%	19,44%	29,41%	18,28%	19,17%
De 2 horas	10,00%	22,22%	17,65%	30,65%	27,07%
De máis de 2 horas	50,00%	5,56%	5,88%	27,42%	22,56%
Nc	0,00%	0,00%	0,00%	3,76%	2,63%
TOTAL	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%

Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

Unha **tendencia similar** obsérvase na enquisa ás empresas no que atinxe aos servizos, mentres que **as pausas máis breves** detéctanse, neste estudo, **na industria e no sector primario.**


TÁBOA 23 FRACCIÓN MOSTRAL. DISTRIBUCIÓN DA MOSTRA DE EMPRESAS CON XORNADA PARTIDA SEGUNDO O TEMPO DEDICADO Á PARADA DE DESCANSO/XANTAR ENTRE A XORNADA DE MAÑÁ E A DE TARDE, POR SECTORES DE ACTIVIDADE (n=555)

TEMPO DA PAUSA	Agricultura e pesca	Industria	Construción	Servizos	TOTAL
Entre media hora e menos de 1 hora	12,94%	22,58%	5,56%	7,90%	9,19%
De 1 hora	10,59%	12,90%	8,33%	14,17%	12,79%
De máis de 1 hora e menos de 2 horas	16,47%	22,58%	33,33%	14,17%	17,48%
De 2 horas	36,47%	38,71%	43,06%	31,61%	34,23%
De máis de 2 horas	17,65%	0,00%	6,94%	25,89%	20,72%
Nc	5,88%	3,23%	2,78%	6,27%	5,59%
TOTAL	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%


Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

AGRICULTURA E PESCA
**G. 58 E G. 59 AGRICULTURA E PESCA: TEMPO DEDICADO Á PARADA DE DESCANSO/XANTAR
ENTRE A XORNADA DE MAÑÁ E A DE TARDE**
ENQUISA Á POBOACIÓN ASALARIADA



Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

ENQUISA ÁS EMPRESAS


Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

INDUSTRIA
**G. 60 E G. 61 INDUSTRIA: TEMPO DEDICADO Á PARADA DE DESCANSO/XANTAR ENTRE A
XORNADA DE MAÑÁ E A DE TARDE**
ENQUISA Á POBOACIÓN ASALARIADA



Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

ENQUISA ÁS EMPRESAS



Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

CONSTRUCCIÓN
**G. 62 E G. 63 CONSTRUCCIÓN: TEMPO DEDICADO Á PARADA DE DESCANSO/XANTAR ENTRE A
XORNADA DE MAÑÁ E A DE TARDE**
ENQUISA Á POBOACIÓN ASALARIADA


Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

ENQUISA ÁS EMPRESAS


Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

SERVIZOS
**G. 64 E G. 65 SERVIZOS: TEMPO DEDICADO Á PARADA DE DESCANSO/XANTAR ENTRE A
XORNADA DE MAÑÁ E A DE TARDE**
ENQUISA Á POBOACIÓN ASALARIADA


Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

ENQUISA ÁS EMPRESAS


Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

As seguintes táboas recollen os resultados obtidos en ambas as dúas enquisas nas distintas **actividades económicas que integran o sector servizos**. Neste caso, o reducido tamaño da mostra no caso da enquisa á poboación fai que **os datos deban interpretarse como simples apuntamentos de tendencia**, posto que a representatividade estatística é menor que noutras cuestións analizadas.

No caso da mostra de empresas, as actividades con **paradas máis prolongadas** –as que agregadamente superan as dúas horas–, obsérvanse nos **establecementos comerciais e talleres**.

TÁBOA 24 FRACCIÓN MOSTRAL. DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN ASALARIADA CON XORNADA PARTIDA SEGUNDO O TEMPO DEDICADO Á PARADA DE DESCANSO/XANTAR ENTRE A XORNADA DE MAÑÁ E A DE TARDE, POR SUBSECTORES DE ACTIVIDADE NO SECTOR SERVIZOS (n=186)

TEMPO DA PAUSA	Comercio e reparación de vehículos	Transporte e almacen.	Hostalería	Activ. advts., financ. e profesionais	Educación	Actividades sanitarias e de servizos sociais	Resto de servizos	TOTAL
Entre media hora e menos de 1 h.	1,79%	15,38%	6,67%	9,62%	0,00%	0,00%	5,88%	5,91%
De 1 hora	7,14%	15,38%	13,33%	23,08%	0,00%	15,38%	11,76%	13,98%
De máis de 1 hora e menos de 2 h.	16,07%	23,08%	23,33%	11,54%	40,00%	23,08%	23,53%	18,28%
De 2 horas	42,86%	15,38%	16,67%	32,69%	40,00%	15,38%	29,41%	30,65%
De máis de 2 horas	32,14%	15,38%	40,00%	15,38%	0,00%	46,15%	29,41%	27,42%
Nc	0,00%	15,38%	0,00%	7,69%	20,00%	0,00%	0,00%	3,76%
TOTAL	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%

Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

TÁBOA 25 FRACCIÓN MOSTRAL. DISTRIBUCIÓN DA MOSTRA DE EMPRESAS CON XORNADA PARTIDA SEGUNDO O TEMPO DEDICADO Á PARADA DE DESCANSO/XANTAR ENTRE A XORNADA DE MAÑÁ E A DE TARDE, POR SUBSECTORES DE ACTIVIDADE NO SECTOR SERVIZOS (n=555)

TEMPO DA PAUSA	Comercio e reparación de vehículos	Transporte e almacen.	Hostalería	Activ. adtvas., financ. e profesionais	Educación	Actividades sanitarias e de servizos sociais	Resto de servizos	TOTAL
Entre media hora e menos de 1 h.	1,61%	3,70%	19,44%	12,61%	11,76%	5,88%	5,71%	7,90%
De 1 hora	11,29%	18,52%	22,22%	17,12%	5,88%	5,88%	11,43%	14,17%
De máis de 1 hora e menos de 2 h.	8,87%	22,22%	5,56%	14,41%	17,65%	23,53%	28,57%	14,17%
De 2 horas	45,97%	33,33%	2,78%	32,43%	23,53%	11,76%	20,00%	31,61%
De máis de 2 horas	28,23%	11,11%	33,33%	20,72%	29,41%	35,29%	31,43%	25,89%
Nc	4,03%	11,11%	16,67%	2,70%	11,76%	17,65%	2,86%	6,27%
TOTAL	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%

Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

4.1.2.3A FLEXIBILIDADE HORARIA


RESULTADOS GLOBAIS

Exponse nesta epígrafe a análise da información obtida a cerca da existencia de flexibilidade horaria nas empresas.

Para poder realizar a comparativa, procedeuse ao tratamento dos datos das preguntas que, en ambas sondaxes, abordaban a existencia de flexibilidade horaria, aínda que as cuestións foron indagadas a través de distintas formulacións.

En todo caso, os resultados obtidos son homoxéneos: **algo máis da metade das empresas e algo máis da metade das persoas asalariadas consultadas confirman a existencia de flexibilidade horaria, xa sexa total ou dentro dunhas marxes horarias predeterminadas sobre os horarios establecidos pola empresa.**

G. 66 RESULTADOS GLOBAIS: EXISTENCIA DE FLEXIBILIDADE HORARIA. PESO PORCENTUAL DE RESPÓSTAS AFIRMATIVAS




Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

RESULTADOS POR SECTORES

Como pode comprobarse no gráfico nº 67, segundo a enquisa á poboación asalariada **a penas hai diferenzas na implantación da flexibilidade horaria segundo o sector de actividade**, con valores de respostas afirmativas moi uniformes.


Porén, na enquisa ás empresas **si se detectan diferenzas salientables: a flexibilidade atópase en maior medida no sector primario (60,80 %), en contraste coa industria**, onde a proporción descende ata o 47,92 % **e, sobre todo, coa a construción**, onde só un 41,76 % das empresas conceden ao seu persoal algún tipo de flexibilidade horaria.

G. 67 DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN ASALARIADA SEGUNDO A EXISTENCIA DE FLEXIBILIDADE HORARIA POR SECTORES DE ACTIVIDADE. PESO PORCENTUAL DE RESPÓSTAS AFIRMATIVAS




Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

G. 68 DISTRIBUCIÓN DA MOSTRA DE EMPRESAS SEGUNDO A EXISTENCIA DE FLEXIBILIDADE HORARIA POR SECTORES DE ACTIVIDADE. PESO PORCENTUAL DE RESPOSTAS AFIRMATIVAS




Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.


A seguir móstrase a serie gráfica coa comparativa de resultados para cada sector da economía.

AGRICULTURA E PESCA**G. 69 AGRICULTURA E PESCA: EXISTENCIA DE FLEXIBILIDADE HORARIA. PESO PORCENTUAL
DE RESPONSTAS AFIRMATIVAS**


Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

INDUSTRIA**G. 70 INDUSTRIA: EXISTENCIA DE FLEXIBILIDADE HORARIA. PESO PORCENTUAL DE
RESPONSTAS AFIRMATIVAS**

Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

CONSTRUCCIÓN**G. 71 CONSTRUCCIÓN: EXISTENCIA DE FLEXIBILIDADE HORARIA. PESO PORCENTUAL DE
RESPOSTAS AFIRMATIVAS**

Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

SERVIZOS**G. 72 SERVIZOS: EXISTENCIA DE FLEXIBILIDADE HORARIA. PESO PORCENTUAL DE
RESPOSTAS AFIRMATIVAS**


Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.



Os seguintes gráficos reflicten os datos sobre flexibilidade horaria en cada enquisa para os **distintos tipos de actividade que integran o sector servizos**.


- Segundo a enquisa á poboación asalariada, **as persoas que traballan en actividades de tipo administrativo, financeiro ou profesional son as que máis oportunidades de acceso teñen á flexibilización de horarios**, pois o 66,86 % recoñece que a empresa na que traballa ten implantada esta medida. Noutros sectores as porcentaxes son moito máis baixas, en especial: no transporte e almacenamento, na educación e, sobre todo, nas actividades sanitarias e de servizos sociais, cun 33,93 %.
- A enquisa ás empresas mostra **a mesma tendencia no que respecta ás actividades administrativas, financeiras e profesionais**, cunha porcentaxe moi semellante de empresas que recoñece ter implantada a flexibilidade horaria (64,49 %). Os datos para outros subsectores varían: na categoría “resto de servizos” a flexibilidade alcanza o 71,19 %, mentres que por debaixo do 50% atópase a educación e as actividades sanitarias e de servizos sociais e, sobre todo, o sector comercial e talleres e para a hostalería.

G. 73 DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN ASALARIADA SEGUNDO A EXISTENCIA DE FLEXIBILIDADE HORARIA POR SUBSECTORES DE ACTIVIDADE NO SECTOR SERVICIOS. PESO PORCENTUAL DE RESPÓSTAS AFIRMATIVAS



Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

G. 74 DISTRIBUCIÓN DA MOSTRA DE EMPRESAS SEGUNDO A EXISTENCIA DE FLEXIBILIDADE HORARIA POR SUBSECTORES DE ACTIVIDADE NO SECTOR SERVICIOS. PESO PORCENTUAL DE RESPÓSTAS AFIRMATIVAS



Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

4.2 MEDIDAS DE CONCILIACIÓN E OUTRAS MEDIDAS DE FLEXIBILIZACIÓN DO TEMPO DE TRABAJO

RESULTADOS GLOBAIS

A seguinte táboa recolle a comparativa de datos relacionados coa implantación de medidas de flexibilización do tempo de traballo, de conciliación e de benestar laboral nas empresas galegas.

De novo, hai que lembrar que existe algunha variación na formulación das cuestións nas dúas sondaxes con respecto á flexibilidade horaria. Ademais, a enquisa á poboación asalariada amplía a listaxe de medidas e inclúe “as reunións de traballo sempre en horario laboral”, así como a distinción entre teletraballo 100 % libre e teletraballo parcial, a diferenza da enquisa a empresas, que non desagregaba a modalidade de traballo a distancia.

En liñas xerais, a enquisa á poboación asalariada recolle porcentaxes máis elevadas de confirmación da existencia das distintas medidas nas empresas que a enquisa ás propias empresas.

Segundo a enquisa á poboación asalariada as medidas máis frecuentes son:

- A **limitación das reunións de traballo ao horario laboral**, confirmada por 6 de cada 10 persoas consultadas.
- A **posibilidade de flexibilizar o horario** de entrada, saída e/ou comida con carácter habitual **sempre dentro dunha marxe horaria fixa** (no 48,89 % dos casos).
- Cun peso semellante, a política de **desconexión dixital** (44,96 %) e a **preferencia na elección das vacacións** para as persoas traballadoras con responsabilidades familiares (43,49 %).
- Mencionada por aproximadamente o 40 % das persoas asalariadas, **a mellora na súa empresa dos permisos legais**.

Os datos da enquisa ás empresas **non difiren moito no que respecta á flexibilidade horaria sobre unhas marxes predeterminadas** na entrada, saída ou comida **nin con**

respecto á preferencia na elección dos períodos vacacionais para persoas traballadoras que teñen ao seu cargo fillas e fillos menores ou outras persoas dependentes.

Nesta enquisa serían estas as medidas con maior nivel de implantación, xunto co teletraballo (sen distinción de se é completo ou parcial), cun 41,98 %.

Con porcentaxes de algo menos dun terzo de respostas afirmativas, as empresas indican seguir unha "política de desconexión dixital" no 32,09 % dos casos, así como conceder a redución de xornada en máis supostos dos legalmente establecidos (31,87 %).

TÁBOA 26 RESULTADOS GLOBAIS: MEDIDAS DE FLEXIBILIZACIÓN E CONCILIACIÓN EXISTENTES NAS EMPRESAS. PESO PORCENTUAL DE RESPOSTAS AFIRMATIVAS

MEDIDAS DE FLEXIBILIZACIÓN E CONCILIACIÓN	ENQUISA Á POBOACIÓN ASALARIADA	ENQUISA ÁS EMPRESAS
Flexibilidade nunha marxe horaria na entrada, saída e/ou comida con carácter habitual	48,89%	44,70%
Política de desconexión dixital	44,96%	32,09%
Preferencia na elección das vacacións para persoas traballadoras con menores e outras persoas ao cargo	43,49%	44,62%
Mellora dos permisos legais/e ou maior duración	40,66%	14,51%
Bolsa/banco de horas	37,84%	27,25%
Xornada reducida en máis supostos dos legalmente recoñecidos	34,89%	31,87%
Beneficios sociais	33,78%	7,03%
Reunións a través de videoconferencia	26,78%	26,15%
Teletraballo parcial acordado coa empresa¹⁷	14,86%	41,98%
Espazos habilitados para a atención de menores na empresa	9,09%	1,54%
Flexibilidade total, sen marxe horaria predeterminada	29,61%	11,58%

¹⁷ Téñase en conta que no caso da Enquisa ás empresas o cuestionario indagaba a existencia de teletraballo, sen distinción de se se trata de teletraballo parcial acordado coa empresa ou 100 % libre. A efectos de recollida do dato optouse por incluír como traballo parcial, como opción máis estendida nas empresas segundo datos oficiais dispoñíbles (INE).



TÁBOA 27 (Contín.) RESULTADOS GLOBAIS: MEDIDAS DE FLEXIBILIZACIÓN E CONCILIACIÓN EXISTENTES NAS EMPRESAS. PESO PORCENTUAL DE RESPÓSTAS AFIRMATIVAS

MEDIDAS DE FLEXIBILIZACIÓN E CONCILIACIÓN	ENQUISA Á POBOACIÓN ASALARIADA	ENQUISA ÁS EMPRESAS
Semana laboral comprimida	8,23%	-
Servizo de gardería na empresa	5,77%	0,44%
Teletraballo 100 % libre	8,23%	-
Reunións de traballo sempre en horario laboral	59,58%	-

Nota: o cuestionario a empresas non incluía as últimas dúas medidas recollidas nesta táboa, polo que se indican unicamente as porcentaxes resultantes na enquisa á poboación asalariada.

Fonte: elaboración propia a partir dos datos das enquisas.

RESULTADOS POR SECTORES

Na enquisa á poboación, as persoas que traballan na **industria** son, **con diferenza sobre os doutros sectores, as que máis acceso teñen a este tipo de medidas**, a xulgar pola maior porcentaxe de respostas afirmativas en boa parte das medidas.

Na **agricultura e na pesca** destacan a realización de reunións de traballo sempre en horario laboral; a flexibilidade horaria, xa sexa con marxes fixos ou total; a política de desconexión dixital; a preferencia na elección das vacacións para persoas con outras persoas ao cargo e a mellora dos permisos legais.

Na **construción** destácanse a limitación de reunións ao horario laboral; a existencia dunha bolsa de horas e a política de desconexión dixital.

O **sector servizos** mostra unha distribución semellante á do total da mostra, con maior número de referencias á existencia da limitación das reunións de traballo ao horario laboral; a posibilidade de flexibilizar o horario de entrada, saída e/ou comida dentro dunha marxe horaria fixa; a política de desconexión dixital; a preferencia na elección das vacacións para as persoas traballadoras con responsabilidades familiares e a mellora dos permisos legais.

TÁBOA 28 DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN ASALARIADA SEGUNDO A EXISTENCIA NA SÚA EMPRESA DE MEDIDAS DE FLEXIBILIZACIÓN E CONCILIACIÓN POR SECTORES DE ACTIVIDADE. PESO PORCENTUAL DE RESPÓSTAS AFIRMATIVAS

MEDIDAS DE FLEXIBILIZACIÓN E CONCILIACIÓN	Agricultura e pesca	Industria	Construción	Servizos	TOTAL
Reunións de traballo sempre en horario laboral	50,00%	66,35%	60,98%	59,01%	59,58%
Flexibilidade nunha marxe horaria na entrada, saída e/ou comida con carácter habitual	42,86%	49,04%	43,90%	49,60%	48,89%
Política de desconexión dixital	42,86%	57,69%	36,59%	43,54%	44,96%
Preferencia na elección das vacacións para persoas traballadoras con menores e outras persoas ao cargo	35,71%	43,27%	29,27%	44,98%	43,49%
Mellora dos permisos legais/e ou maior duración	35,71%	50,00%	31,71%	40,03%	40,66%
Bolsa/banco de horas	26,19%	38,46%	41,46%	38,28%	37,84%
Xornada reducida en máis supostos dos legalmente recoñecidos	16,67%	42,31%	29,27%	35,25%	34,89%
Beneficios sociais	35,71%	39,42%	19,51%	33,65%	33,78%
Flexibilidade total, sen marxe horaria predeterminada	40,48%	26,92%	21,95%	29,82%	29,61%
Reunións a través de videoconferencia	9,52%	30,77%	31,71%	26,95%	26,78%
Teletraballo parcial acordado coa empresa	4,76%	15,38%	17,07%	15,31%	14,86%
Espazos habilitados para a atención de menores na empresa	7,14%	10,58%	4,88%	9,25%	9,09%
Teletraballo 100 % libre	2,38%	8,65%	4,88%	8,77%	8,23%
Semana laboral comprimida	4,76%	8,65%	12,20%	8,13%	8,23%
Servizo de gardería na empresa	4,76%	0,00%	4,88%	6,86%	5,77%

Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

Segundo os datos da enquisa ás empresas, a bolsa de horas está moi implantada na **industria**, así como a política de desconexión dixital, e a de “luces apagadas”, que aínda que non é moi frecuente, é máis significativa que noutros sectores.

Na **construción** a medida con máis peso é a preferencia na elección do período vacacionais para persoas traballadoras con responsabilidade familiares. O sector **servizos** presenta unha distribución das medidas moi semellante á comentada para

o total de empresas, mentres que na **agricultura e na pesca** hai que destacar, en termos comparativos, o peso do teletraballo e os beneficios sociais.

TÁBOA 29 FRACCIÓN MOSTRAL DISTRIBUCIÓN DA MOSTRA DE EMPRESAS CON MEDIDAS DE FLEXIBILIZACIÓN E CONCILIACIÓN SEGUNDO O TIPO DE MEDIDAS IMPLANTADAS, POR SECTORES DE ACTIVIDADE (n=455)

MEDIDAS DE FLEXIBILIZACIÓN E CONCILIACIÓN	Agricultura e pesca	Industria	Construción	Servizos	TOTAL
Preferencia na elección do período vacacional para persoas traballadoras con menores e/ou outras persoas dependentes	42,03%	19,23%	47,62%	46,86%	44,62%
Teletraballo	46,38%	34,62%	33,33%	42,77%	41,98%
Política de desconexión dixital	24,64%	46,15%	23,81%	33,65%	32,09%
Xornada reducida en máis supostos dos legalmente recoñecidos	34,78%	23,08%	19,05%	33,65%	31,87%
Bolsa de horas	27,54%	50,00%	19,05%	26,42%	27,25%
Reunións a través de videoconferencia	24,64%	19,23%	14,29%	28,62%	26,15%
Mellora dos permisos e/ou maior duración dos permisos	13,04%	11,54%	9,52%	15,72%	14,51%
Política de "luces apagadas"	1,45%	19,23%	7,14%	13,21%	11,21%
Beneficios sociais (seguro médico, axudas por estudos dos/as fillos/as etc.)	13,04%	11,54%	0,00%	6,29%	7,03%
Espazos (salas) habilitados para a atención de menores	0,00%	0,00%	0,00%	2,20%	1,54%
Servizo de gardería na empresa	0,00%	0,00%	0,00%	0,63%	0,44%
Outras	8,70%	7,69%	4,76%	3,77%	4,84%

Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

Ofrécese a continuación a comparativa gráfica dos resultados das enquisas por sectores.



AGRICULTURA E PESCA

TÁBOA 30 AGRICULTURA E PESCA: MEDIDAS DE FLEXIBILIZACIÓN E CONCILIACIÓN EXISTENTES NAS EMPRESAS. PESO PORCENTUAL DE RESPÓSTAS AFIRMATIVAS

MEDIDAS DE FLEXIBILIZACIÓN E CONCILIACIÓN	ENQUISA Á POBOACIÓN ASALARIADA	ENQUISA ÁS EMPRESAS
Flexibilidade nunha marxe horaria na entrada, saída e/ou comida con carácter habitual	42,86	47,52%
Política de desconexión dixital	42,86%	24,64%
Preferencia na elección das vacacións para persoas traballadoras con menores e outras persoas ao cargo	35,71%	42,03%
Mellora dos permisos legais/e ou maior duración	35,71%	13,04%
Bolsa/banco de horas	26,19%	27,54%
Xornada reducida en máis supostos dos legalmente recoñecidos	16,67%	34,78%
Beneficios sociais	35,71%	13,04%
Reunións a través de videoconferencia	9,52%	24,64%
Teletraballo parcial acordado coa empresa ¹⁸	4,76%	46,38%
Espazos habilitados para a atención de menores na empresa	7,14%	0,00%
Flexibilidade total, sen marxe horaria predeterminada	40,48%	12,87%
Semana laboral comprimida	4,76%	-
Servizo de gardería na empresa	4,76%	0,00%
Teletraballo 100 % libre	2,38%	-
Reunións de traballo sempre en horario laboral	50,00%	-

Nota: o cuestionario a empresas non incluía as últimas dúas medidas recollidas nesta táboa, polo que se indican unicamente as porcentaxes resultantes na enquisa á poboación asalariada.

Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

¹⁸ Téñase en conta que no caso da Enquisa ás empresas o cuestionario indagaba a existencia de teletraballo, sen distinción de se se trata de teletraballo parcial acordado coa empresa ou 100 % libre. A efectos de recollida do dato optouse por incluír como traballo parcial, como opción máis estendida nas empresas segundo datos oficiais dispoñibles (INE).



INDUSTRIA

TÁBOA 31 INDUSTRIA: MEDIDAS DE FLEXIBILIZACIÓN E CONCILIACIÓN EXISTENTES NAS EMPRESAS. PESO PORCENTUAL DE RESPOSTAS AFIRMATIVAS

MEDIDAS DE FLEXIBILIZACIÓN E CONCILIACIÓN	ENQUISA Á POBOACIÓN ASALARIADA	ENQUISA ÁS EMPRESAS
Flexibilidade nunha marxe horaria na entrada, saída e/ou comida con carácter habitual	49,04%	36,84%
Política de desconexión dixital	57,69%	46,15%
Preferencia na elección das vacacións para persoas traballadoras con menores e outras persoas ao cargo	43,27%	19,23%
Mellora dos permisos legais/e ou maior duración	50,00%	11,54%
Bolsa/banco de horas	38,46%	50,00%
Xornada reducida en máis supostos dos legalmente recoñecidos	42,31%	23,08%
Beneficios sociais	39,42%	11,54%
Reunións a través de videoconferencia	30,77%	19,23%
Teletraballo parcial acordado coa empresa ¹⁹	15,38%	34,62%
Espazos habilitados para a atención de menores na empresa	7,14%	0,00%
Flexibilidade total, sen marxe horaria predeterminada	26,92%	13,16%
Semana laboral comprimida	8,65%	0,00%
Servizo de gardería na empresa	0,00%	0,00%
Teletraballo 100 % libre	8,65%	-
Reunións de traballo sempre en horario laboral	66,35%	-

Nota: o cuestionario a empresas non incluía as últimas dúas medidas recollidas nesta táboa, polo que se indican unicamente as porcentaxes resultantes na enquisa á poboación asalariada.

Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

¹⁹ Téñase en conta que no caso da Enquisa ás empresas o cuestionario indagaba a existencia de teletraballo, sen distinción de se se trata de teletraballo parcial acordado coa empresa ou 100 % libre. A efectos de recollida do dato optouse por incluír como traballo parcial, como opción máis estendida nas empresas segundo datos oficiais dispoñibles (INE).



CONSTRUCCIÓN

TÁBOA 32 CONSTRUCCIÓN: MEDIDAS DE FLEXIBILIZACIÓN E CONCILIACIÓN EXISTENTES NAS EMPRESAS. PESO PORCENTUAL DE RESPOSTAS AFIRMATIVAS

MEDIDAS DE FLEXIBILIZACIÓN E CONCILIACIÓN	ENQUISA Á POBOACIÓN ASALARIADA	ENQUISA ÁS EMPRESAS
Flexibilidade nunha marxe horaria na entrada, saída e/ou comida con carácter habitual	43,90%	41,79%
Política de desconexión dixital	36,59%	23,81%
Preferencia na elección das vacacións para persoas traballadoras con menores e outras persoas ao cargo	29,27%	47,62%
Mellora dos permisos legais/e ou maior duración	31,71%	9,52%
Bolsa/banco de horas	41,46%	19,05%
Xornada reducida en máis supostos dos legalmente recoñecidos	29,27%	19,05%
Beneficios sociais	19,51%	0,00%
Reunións a través de videoconferencia	31,71%	14,29%
Teletraballo parcial acordado coa empresa ²⁰	17,07%	33,33%
Espazos habilitados para a atención de menores na empresa	4,88%	0,00%
Flexibilidade total, sen marxe horaria predeterminada	21,95%	5,97%
Semana laboral comprimida	12,20%	0,00%
Servizo de gardería na empresa	4,88%	0,00%
Teletraballo 100 % libre	4,88%	-
Reunións de traballo sempre en horario laboral	60,98%	-

Nota: o cuestionario a empresas non incluía as últimas dúas medidas recollidas nesta táboa, polo que se indican unicamente as porcentaxes resultantes na enquisa á poboación asalariada.

Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

²⁰ Téñase en conta que no caso da Enquisa ás empresas o cuestionario indagaba a existencia de teletraballo, sen distinción de se se trata de teletraballo parcial acordado coa empresa ou 100 % libre. A efectos de recollida do dato optouse por incluír como traballo parcial, como opción máis estendida nas empresas segundo datos oficiais dispoñibles (INE).



SERVIZOS

TÁBOA 33 SERVIZOS: MEDIDAS DE FLEXIBILIZACIÓN E CONCILIACIÓN EXISTENTES NAS EMPRESAS. PESO PORCENTUAL DE RESPOSTAS AFIRMATIVAS

MEDIDAS DE FLEXIBILIZACIÓN E CONCILIACIÓN	ENQUISA Á POBOACIÓN ASALARIADA	ENQUISA ÁS EMPRESAS
Flexibilidade nunha marxe horaria na entrada, saída e/ou comida con carácter habitual	49,60%	45,21%
Política de desconexión dixital	43,54%	33,65%
Preferencia na elección das vacacións para persoas traballadoras con menores e outras persoas ao cargo	44,98%	46,86%
Mellora dos permisos legais/e ou maior duración	40,03%	15,72%
Bolsa/banco de horas	38,28%	26,42%
Xornada reducida en máis supostos dos legalmente recoñecidos	35,25%	33,65%
Beneficios sociais	33,65%	6,29%
Reunións a través de videoconferencia	26,95%	28,62%
Teletraballo parcial acordado coa empresa ²¹	15,31%	42,77%
Espazos habilitados para a atención de menores na empresa	9,25%	2,20%
Flexibilidade total, sen marxe horaria predeterminada	29,82%	12,04%
Semana laboral comprimida	8,77%	0,00%
Servizo de gardería na empresa	6,86%	0,63%
Teletraballo 100 % libre	8,77%	-
Reunións de traballo sempre en horario laboral	59,01%	-

Nota: o cuestionario a empresas non incluía as últimas dúas medidas recollidas nesta táboa, polo que se indican unicamente as porcentaxes resultantes na enquisa á poboación asalariada.

Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

²¹ Téñase en conta que no caso da Enquisa ás empresas o cuestionario indagaba a existencia de teletraballo, sen distinción de se se trata de teletraballo parcial acordado coa empresa ou 100 % libre. A efectos de recollida do dato optouse por incluír como traballo parcial, como opción máis estendida nas empresas segundo datos oficiais dispoñibles (INE).



As seguintes táboas reflicten os resultados para os **distintos tipos de actividades de servizos**:

A enquisa á poboación asalariada pon de manifesto que:

- As **actividades administrativas, financeiras e profesionais e o sector educativo privado** son, en xeral, as que presentan un maior grao de implantación de boa parte das medidas consideradas. No polo oposto sitúase a **hostalería**, con menores porcentaxes en practicamente todas as medidas enunciadas.
- Ademais das medidas máis habituais en todos os sectores, xa comentadas, a **xornada reducida en máis supostos** dos legalmente recoñecidos é alta nas **actividades educativas, sanitarias e de servizos sociais e nas administrativas e financeiras**.
- Tamén o **teletraballo e as reunións a través de videoconferencia**, acorde co tipo de actividade, teñen unha **implantación moito máis alta no ámbito administrativo e financeiro**.
- A realización das **reunións de traballo sempre en horario laboral** destácanse nas actividades **comerciais e talleres**, e tamén son algo máis frecuentes que no conxunto do sector servizos a preferencia na elección de vacacións para as persoas con responsabilidades familiares e a mellora dos permisos.

Como apuntamento de tendencias na enquisa ás empresas, dado que nalgúns subsectores as fraccións que refiren ter medidas son menos representativas, cabe engadir que:

- A preferencia de **elección de períodos vacacionais para persoas con menores e/ou outras persoas dependentes** ao seu cargo é comparativamente máis alta **no comercio e nos transportes e almacenamento**.
- A posibilidade de **reducir a xornada** máis alá da norma ou convenio é máis frecuente nas **actividades sanitarias e de servizos sociais**.
- Nas **actividades profesionais, administrativas e de finanzas** e no sector **educativo, o teletraballo e as videoconferencias** están implantadas na maioría das empresas.
- Na **hostalería** destaca a **"bolsa de horas"** (posibilidade de acumular horas para libre disposición), a política de **desconexión dixital** e a **xornada reducida en máis supostos**.

TÁBOA 34 DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN ASALARIADA SEGUNDO A EXISTENCIA NA SÚA EMPRESA DE MEDIDAS DE FLEXIBILIZACIÓN E CONCILIACIÓN POR SUBSECTORES DE ACTIVIDADE NO SECTOR SERVIZOS. PESO PORCENTUAL DE RESPÓSTAS AFIRMATIVAS

MEDIDAS DE FLEXIBILIZACIÓN E CONCILIACIÓN	Comercio e reparación de vehículos	Transporte e almacen.	Hostalería	Activ. adtv. , financ. e profesionais	Educación	Actividades sanitarias e de servizos sociais	Resto de servizos	TOTAL
Reunións de traballo sempre en horario laboral	73,10%	57,14%	42,71%	66,29%	51,52%	51,79%	46,25%	59,01%
Flexibilidade nunha marxe horaria na entrada, saída e/ou comida con carácter habitual	48,97%	40,48%	51,04%	62,29%	42,42%	26,79%	45,00%	49,60%
Política de desconexión dixital	41,38%	38,10%	42,71%	48,57%	54,55%	41,07%	37,50%	43,54%
Preferencia na elección das vacacións para persoas traballadoras con menores e outras persoas ao cargo	48,28%	45,24%	42,71%	46,86%	36,36%	46,43%	40,00%	44,98%
Mellora dos permisos legais/e ou maior duración	45,52%	35,71%	28,13%	42,29%	60,61%	32,14%	38,75%	40,03%
Bolsa/banco de horas	40,00%	45,24%	35,42%	39,43%	33,33%	35,71%	36,25%	38,28%
Xornada reducida en máis supostos dos legalmente recoñecidos	35,17%	16,67%	21,88%	41,71%	60,61%	50,00%	26,25%	35,25%
Beneficios sociais	29,66%	30,95%	19,79%	41,71%	63,64%	35,71%	27,50%	33,65%
Flexibilidade total, sen marxe horaria predeterminada	35,17%	26,19%	20,83%	35,43%	24,24%	16,07%	32,50%	29,82%
Reunións a través de videoconferencia	24,14%	16,67%	2,08%	57,71%	42,42%	10,71%	5,00%	26,95%
Teletraballo parcial acordado coa empresa	6,90%	14,29%	1,04%	38,86%	18,18%	0,00%	6,25%	15,31%

TÁBOA 35 (Contín.) DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN ASALARIADA SEGUNDO A EXISTENCIA NA SÚA EMPRESA DE MEDIDAS DE FLEXIBILIZACIÓN E CONCILIACIÓN POR SUBSECTORES DE ACTIVIDADE NO SECTOR SERVIZOS. PESO PORCENTUAL DE RESPÓSTAS AFIRMATIVAS

MEDIDAS DE FLEXIBILIZACIÓN E CONCILIACIÓN	Comercio e reparación de vehículos	Transporte e almacen.	Hostalería	Activ. adtv. , financ. e profesionais	Educación	Actividades sanitarias e de servizos sociais	Resto de servizos	TOTAL
Espazos habilitados para a atención de menores na empresa	6,90%	14,29%	3,13%	9,14%	27,27%	12,50%	8,75%	9,25%
Teletraballo 100 % libre	7,59%	4,76%	0,00%	19,43%	12,12%	1,79%	3,75%	8,77%
Semana laboral comprimida	2,76%	11,90%	7,29%	9,71%	12,12%	7,14%	12,50%	8,13%
Servizo de gardería na empresa	2,07%	9,52%	2,08%	10,29%	27,27%	5,36%	5,00%	6,86%
TOTAL	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%

Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

TÁBOA 36 FRACCIÓN MOSTRAL. DISTRIBUCIÓN DA MOSTRA DE EMPRESAS CON MEDIDAS DE FLEXIBILIZACIÓN E CONCILIACIÓN SEGUNDO O TIPO DE MEDIDAS IMPLANTADAS, POR SUBSECTORES DE ACTIVIDADE NO SECTOR SERVIZOS. PESO PORCENTUAL DE RESPÓSTAS AFIRMATIVAS (n=502)

MEDIDAS DE FLEXIBILIZACIÓN E CONCILIACIÓN	Comercio e reparación de vehículos	Transporte e almacen.	Hostalería	Activ. adtv. , financ. e profesionais	Educación	Actividades sanitarias e de servizos sociais	Resto de servizos	TOTAL
Preferencia na elección do período vacacional para persoas traballadoras con menores e/ou outras persoas dependentes	50,00%	61,90%	37,93%	45,54%	53,33%	47,83%	40,00%	44,62%
Teletraballo	24,36%	19,05%	6,90%	69,64%	60,00%	26,09%	45,00%	41,98%
Política de desconexión dixital	23,08%	9,52%	34,48%	29,46%	13,33%	39,13%	25,00%	27,25%

TÁBOA 37 (Contin.) FRACCIÓN MOSTRAL. DISTRIBUCIÓN DA MOSTRA DE EMPRESAS CON MEDIDAS DE FLEXIBILIZACIÓN E CONCILIACIÓN SEGUNDO O TIPO DE MEDIDAS IMPLANTADAS, POR SUBSECTORES DE ACTIVIDADE NO SECTOR SERVIZOS. PESO PORCENTUAL DE RESPÓSTAS AFIRMATIVAS (n=502)

MEDIDAS DE FLEXIBILIZACIÓN E CONCILIACIÓN	Comercio e reparación de vehículos	Transporte e almacen.	Hostalería	Activ. adtvas. , financ. e profesionais	Educación	Actividades sanitarias e de servizos sociais	Resto de servizos	TOTAL
Xornada reducida en máis supostos dos legalmente recoñecidos	23,08%	9,52%	34,48%	29,46%	13,33%	39,13%	25,00%	27,25%
Bolsa de horas	23,08%	9,52%	34,48%	29,46%	13,33%	39,13%	25,00%	27,25%
Reunións a través de videoconferencia	16,67%	4,76%	0,00%	44,64%	53,33%	30,43%	30,00%	26,15%
Mellora dos permisos e/ou maior duración dos permisos	20,51%	9,52%	6,90%	15,18%	13,33%	21,74%	15,00%	14,51%
Política de "luces apagadas"	21,79%	14,29%	17,24%	9,82%	6,67%	13,04%	5,00%	11,21%
Beneficios sociais (seguro médico, axudas por estudos dos/as fillos/as etc.)	5,13%	4,76%	3,45%	9,82%	0,00%	8,70%	2,50%	7,03%
Espazos (salas) habilitados para a atención de menores	2,56%	0,00%	0,00%	0,89%	6,67%	8,70%	2,50%	1,54%
Servizo de gardería na empresa	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	13,33%	0,00%	0,00%	0,44%
Outras	2,56%	4,76%	6,90%	3,57%	6,67%	0,00%	5,00%	4,84%

Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

5 RESULTADOS DOUTRAS DIMENSIÓNS INVESTIGADAS NAS ENQUISAS

Neste capítulo resúmense os principais resultados doutras dimensións investigadas nos estudos realizados como cuestións particulares; é dicir, aquelas que foron unicamente incluídas ben na enquisa ás empresas, ben na enquisa á poboación asalariada, e que non permiten a comparativa, por responder á natureza concreta de cada estudo.


5.1 BARREIRAS Á IMPLANTACIÓN DE HORARIOS RACIONAIS NAS EMPRESAS

Un dos aspectos incluídos na enquisa ás empresas, foi o relativo ás razóns polas que parte das empresas non teñen implantado o denominado "horario europeo", consistente en horarios de traballo máis racionais e similares aos países da contorna europea nos que a xornada comeza antes das 09:00 horas e remata, como máximo, ás 18:00 horas.

Tendo en conta que se trataba dunha pregunta de resposta múltiple e, polo tanto, se podía indicar máis dun motivo, **3 de cada 4 empresas sen "horario europeo"**²² **xustifican a non implantación de horarios máis racionais polas características do servizo que prestan ou a actividade que desenvolven.** A diferenza desta resposta con respecto a outros motivos é moi significativa, xa que, en segundo lugar, aluden a que a clientela non se adaptaría a ese horario (25,19 %) e, en terceiro lugar, menciónase a inercia da tradición (16,30 %), tal e como pode comprobarse no seguinte gráfico.

²² Contestaban a esta pregunta unicamente as empresas que indicaban **non** ter un horario "europeo", consistente en comezar antes das 09:00 horas e rematar, como máximo, ás 18:00 h.

**G. 75 FRACCIÓN MOSTRAL. DISTRIBUCIÓN DA MOSTRA DE EMPRESAS QUE NON TEÑEN
"HORARIO EUROPEO" SEGUNDO OS MOTIVOS²³ (n=270)**



Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

As características da actividade é, en todos os sectores, o motivo máis aludido. No sector industrial e de servizos as referencias ás dificultades de adaptación por parte da clientela increméntanse lixeiramente, mentres que a "tradición" ten un peso algo superior no sector primario e na construción.

Ademais, **na industria** son moi significativas as referencias a que **diminuíría a competitividade da empresa** e a que **as empresas provedoras non se adaptarían a ese horario**.

²³ Por tratarse dunha pregunta na que as empresas podían marcar máis dunha opción (resposta múltiple), a suma de porcentaxes, calculada sobre o base do número de empresas, supera o 100 %.

**TÁBOA 38 FRACCIÓN MOSTRAL. DISTRIBUCIÓN DA MOSTRA DE EMPRESAS QUE NON TEÑEN
"HORARIO EUROPEO" SEGUNDO OS MOTIVOS, POR SECTORES DE ACTIVIDADE (n=270)**

BARREIRAS Á IMPLANTACIÓN	Agricultura e pesca	Industria	Construción	Servizos	TOTAL
Polas características do servizo/actividade	77,08%	71,43%	78,26%	76,04%	76,30%
A clientela non se adaptaría a ese horario	6,25%	28,57%	26,09%	29,69%	25,19%
Por tradición	20,83%	14,29%	21,74%	14,58%	16,30%
Non sería aplicable a todo o persoal	8,33%	14,29%	0,00%	10,42%	9,26%
Non dispoñen de instalacións para comer na empresa	6,25%	0,00%	17,39%	6,25%	7,04%
Diminuíría a competitividade da empresa	4,17%	28,57%	8,70%	4,17%	5,19%
Diminuíría a produtividade da empresa	4,17%	0,00%	8,70%	4,17%	4,44%
Non é unha demanda do persoal	0,00%	0,00%	8,70%	4,69%	4,07%
Aumenta os custos	4,17%	0,00%	4,35%	2,08%	2,59%
As empresas proveedoras non se adaptarían a ese horario	2,08%	14,29%	8,70%	1,04%	2,22%
Rexeitado pola Dirección	2,08%	0,00%	0,00%	0,52%	0,74%
Existe flexibilidade horaria adaptada ás necesidades das persoas traballadoras	0,00%	0,00%	0,00%	1,04%	0,74%
Outras	2,08%	0,00%	0,00%	2,60%	2,22%
TOTAL²⁴	137,50%	171,43%	182,61%	157,29%	156,30%

Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

Non procede neste caso unha análise dos datos por ramos de actividade nos servizos, pois o tamaño desta fracción da mostra da empresas (270) –aquelas que indicaron non ter un horario “europeo”, de comezo anterior ás nove da mañá e de remate, como máximo, ás seis da tarde– non permite chegar a extraer resultados concluíntes por actividades concretas do sector terciario.

²⁴ Por tratarse dunha pregunta na que as empresas podían marcar máis dunha opción (resposta múltiple), a suma de porcentaxes, calculada sobre o base do número de empresas, supera o 100 %.

5.2 GRAO DE INTERESE DA POBOACIÓN ASALARIADA NAS DISTINTAS MEDIDAS DE FLEXIBILIZACIÓN E CONCILIACIÓN

A enquisa á poboación asalariada, ademais de indagar o nivel de implantación das medidas de conciliación e flexibilización do tempo de traballo nas empresas, incluíu outra cuestión relativa ao interese actual que teñen as persoas entrevistadas en cada unha desas medidas.

Como pode comprobarse, a meirande parte das medidas propostas presentan interese para a maioría das persoas asalariadas.

Ordenadas polo grao de interese, constátase o seguinte:

- Para aproximadamente o 80 % da poboación asalariada teñen interese os **beneficios sociais** que poida conceder a empresa (como seguro médico, axudas por estudos dos/as fillos/as, comedor de empresa etc.), así como a **flexibilidade de entrada e saída do traballo dentro dunhas marxes horarias determinadas**.
- A continuación, con porcentaxes de aceptación só algo máis baixas, **arredor do 75 % da mostra entrevistada ve de interese poder gozar de permisos de maior duración, restrinxir as reunións de traballo ao horario laboral, poder elixir o período vacacional** pola existencia de persoas menores e/ou en situación de dependencia ao cargo ou dispoñer de **flexibilidade horaria total**.
- Con valores porcentuais algo máis baixos, entre as preferencias das persoas asalariadas sitúanse a continuación a política de desconexión dixital (70,88 %), a semana laboral comprimida (69,41 %) e a xornada reducida en máis supostos dos legalmente recoñecidos (66,58 %).
- Entre as medidas **menos relevantes** para a poboación asalariada sitúanse **aquelas vinculadas co traballo a distancia a través do uso de tecnoloxías**: as reunións por videoconferencia (34,03 %) e o teletraballo parcial ou total (por baixo do 30 %). Non obstante, estes datos deben interpretarse con prudencia, pois estas porcentaxes estarían condicionadas polo tipo de actividade desenvolvida pola persoa, xa que en moitos empregos non é factible o desempeño a través destas modalidades.

**G. 76 DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN ASALARIADA SEGUNDO O INTERESE ACTUAL DAS
MEDIDAS DE FLEXIBILIZACIÓN E CONCILIACIÓN. PESO PORCENTUAL DE
RESPOSTAS AFIRMATIVAS²⁵**



Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

Como **tendencia xeral**, á hora de indicar o grao de interese, **as porcentaxes máis elevadas de mención detéctanse na industria para todas as medidas consideradas, agás para o teletraballo. No polo oposto, sitúase a construción**, onde menor interese mostra a poboación traballadora para o conxunto de medidas propostas, mentres que o sector servizos mostra uns resultados parellos aos comentados para o total da poboación traballadora.

²⁵ O gráfico recolle de maior a menor o peso porcentual de respostas afirmativas relativas ao interese actual de cada unha das medidas mencionadas para a persoa entrevistada.

Na agricultura e na pesca destacan, con mencións por riba da porcentaxe global, a preferencia pola elección das vacacións para persoas traballadoras con menores e outras persoas ao seu cargo, a política de desconexión dixital e a flexibilidade total.

TÁBOA 39 DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN ASALARIADA SEGUNDO O INTERESE ACTUAL DAS MEDIDAS DE FLEXIBILIZACIÓN E CONCILIACIÓN POR SECTORES DE ACTIVIDADE. PESO PORCENTUAL DE RESPÓSTAS AFIRMATIVAS

MEDIDAS DE FLEXIBILIZACIÓN E CONCILIACIÓN	Agricultura e pesca	Industria	Construción	Servizos	TOTAL
Beneficios sociais	76,19%	87,50%	73,17%	81,02%	81,20%
Flexibilidade nunha marxe horaria na entrada, saída e/ou comida con carácter habitual	71,43%	83,65%	75,61%	80,54%	80,22%
Mellora dos permisos legais/e ou maior duración	64,29%	83,65%	68,29%	76,24%	76,17%
Reunións de traballo sempre en horario laboral	71,43%	84,62%	60,98%	74,32%	74,82%
Preferencia na elección das vacacións para persoas traballadoras con menores e outras persoas ao cargo	78,57%	76,92%	53,66%	75,44%	74,69%
Flexibilidade total, sen marxe horaria predeterminada	76,19%	81,73%	65,85%	73,21%	74,08%

TÁBOA 40 (Contin.) DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN ASALARIADA SEGUNDO O INTERESE ACTUAL DAS MEDIDAS DE FLEXIBILIZACIÓN E CONCILIACIÓN POR SECTORES DE ACTIVIDADE. PESO PORCENTUAL DE RESPÓSTAS AFIRMATIVAS

MEDIDAS DE FLEXIBILIZACIÓN E CONCILIACIÓN	Agricultura e pesca	Industria	Construción	Servizos	TOTAL
Política de desconexión dixital	78,57%	80,77%	60,98%	69,38%	70,88%
Semana laboral comprimida	64,29%	77,88%	60,98%	68,90%	69,41%
Xornada reducida en máis supostos dos legalmente recoñecidos	64,29%	74,04%	63,41%	65,71%	66,58%
Bolsa/banco de horas	42,86%	59,62%	53,66%	56,14%	55,77%
Espazos habilitados para a atención de menores na empresa	35,71%	56,73%	36,59%	49,44%	49,02%
Servizo de gardería na empresa	33,33%	58,65%	34,15%	48,80%	48,53%
Reunións a través de videoconferencia	14,29%	36,54%	31,71%	35,09%	34,03%
Teletraballo parcial acordado coa empresa	14,29%	25,00%	31,71%	31,58%	29,85%
Teletraballo 100 % libre	14,29%	18,27%	17,07%	29,82%	26,90%

Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.



Dentro do sector servizos as tendencias observadas responden, en liñas xerais, ás características da actividade económica. Así, se se atende ás porcentaxes que superan os valores porcentuais do conxunto do sector servizos compróbase que:

- O **teletraballo**, xa sexa parcial ou total, ten interese para as persoas que traballan no **sector educativo e nas actividades administrativas, financeiras e profesionais**, con porcentaxes moi superiores ás rexistradas para o global e para outros ramos dos servizos.
- Nas **actividades comerciais** destácanse as referencias ás **reunións de traballo en horario laboral, á mellora dos permisos legais e á xornada reducida en máis supostos** dos legalmente recoñecidos.
- Na **hostalería** algunhas medidas presentan baixos niveis de aceptación, acorde co tipo de actividade, e **destacan o interese pola preferencia na elección dos períodos vacacionais para o persoal con persoas ao seu cargo e os beneficios sociais**.
- Nas **actividades educativas** sobresaen as mencións ás **reunións de traballo sempre en horario laboral, á xornada reducida en máis supostos dos legalmente recoñecidos e os beneficios sociais**.
- Nas **actividades administrativas, financeiras e profesionais**, obsérvase un maior peso comparativo das referencias á **política de desconexión, dixital, aos beneficios sociais e ás reunións a través de videoconferencia**.
- Nas **actividades sanitarias e de servizos sociais**, as preferencias son altas para a maioría das medidas, con diferenzas moi acusadas no interese amosado pola **bolsa de horas e a semana laboral comprimida**.

TÁBOA 41 DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN ASALARIADA SEGUNDO O INTERESE ACTUAL DAS MEDIDAS DE FLEXIBILIZACIÓN E CONCILIACIÓN POR SUBSECTORES DE ACTIVIDADE NO SECTOR SERVIZOS. PESO PORCENTUAL DE RESPÓSTAS AFIRMATIVAS

MEDIDAS DE FLEXIBILIZACIÓN E CONCILIACIÓN	Comercio e reparación de vehículos	Transporte e almacen.	Hostalería	Activ. adtv. , financ. e profesionais	Educación	Actividades sanitarias e de servizos sociais	Resto de servizos	TOTAL
Reunións de traballo sempre en horario laboral	80,00%	80,95%	53,13%	76,57%	81,82%	89,29%	67,50%	74,32%
Flexibilidade nunha marxe horaria na entrada, saída e/ou comida con carácter habitual	81,38%	80,95%	77,08%	81,71%	72,73%	87,50%	78,75%	80,54%
Política de desconexión dixital	67,59%	76,19%	55,21%	74,86%	69,70%	82,14%	65,00%	69,38%
Preferencia na elección das vacacións para persoas traballadoras con menores e outras persoas ao cargo	77,24%	76,19%	80,21%	72,57%	57,58%	78,57%	77,50%	75,44%
Mellora dos permisos legais/e ou maior duración	80,69%	76,19%	70,83%	80,57%	66,67%	75,00%	70,00%	76,24%
Bolsa/banco de horas	58,62%	73,81%	47,92%	57,14%	45,45%	69,64%	45,00%	56,14%
Xornada reducida en máis supostos dos legalmente recoñecidos	71,03%	73,81%	54,17%	64,57%	81,82%	69,64%	58,75%	65,71%
Beneficios sociais	77,93%	71,43%	84,38%	81,14%	93,94%	89,29%	76,25%	81,02%
Flexibilidade total, sen marxe horaria predeterminada	77,93%	80,95%	66,67%	70,29%	60,61%	78,57%	76,25%	73,21%
Reunións a través de videoconferencia	32,41%	16,67%	10,42%	58,86%	72,73%	33,93%	12,50%	35,09%
Teletraballo parcial acordado coa empresa	20,69%	23,81%	12,50%	57,14%	54,55%	21,43%	20,00%	31,58%

TÁBOA 42 (Contin.) DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN ASALARIADA SEGUNDO O INTERESE ACTUAL DAS MEDIDAS DE FLEXIBILIZACIÓN E CONCILIACIÓN POR SUBSECTORES DE ACTIVIDADE NO SECTOR SERVIZOS. PESO PORCENTUAL DE RESPÓSTAS AFIRMATIVAS

MEDIDAS DE FLEXIBILIZACIÓN E CONCILIACIÓN	Comercio e reparación de vehículos	Transporte e almacen.	Hostalería	Activ. adtvas., financ. e profesionais	Educación	Actividades sanitarias e de servizos sociais	Resto de servizos	TOTAL
Espazos habilitados para a atención de menores na empresa	40,00%	50,00%	47,92%	51,43%	63,64%	67,86%	45,00%	49,44%
Teletraballo 100 % libre	22,07%	21,43%	14,58%	51,43%	51,52%	19,64%	17,50%	29,82%
Semana laboral comprimida	65,52%	71,43%	66,67%	71,43%	75,76%	83,93%	57,50%	68,90%
Servizo de gardería na empresa	39,31%	52,38%	45,83%	50,29%	75,76%	57,14%	47,50%	48,80%
TOTAL	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%

Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

5.3 ASPECTOS PRIORITARIOS DO TRABALLO PARA A POBOACIÓN ASALARIADA

Outra das cuestións formuladas na enquisa á poboación asalariada tiña por obxecto desvelar o valor que as persoas traballadoras por conta allea conceden a unha serie de aspectos relacionados co traballo.

Tratábase de indagar que outros aspectos, ademais da retribución económica, son prioritarios para a poboación asalariada, como pode ser o clima laboral, a flexibilización do tempo de traballo, os beneficios sociais ou oportunidades de promoción profesional.

Para iso, optouse por unha indagación de **prioridades no traballo**, para o cal solicitábase, a partir dunha listaxe de aspectos, que se seleccionasen os tres de maior relevancia e se ordenasen segundo a súa importancia (primeiro, segundo e terceiro aspecto máis importante).

O salario resulta ser o aspecto prioritario, xa que encabeza en número de mencións tanto o primeiro como o segundo aspecto máis relevante do traballo.

Así, se se sintetizan as respostas, é dicir, se se teñen en conta os aspectos máis aludidos pola poboación asalariada, xa fose en primeiro, segundo ou terceiro lugar, sobresaen, con porcentaxes superiores ao 25 % os seguintes:

- **O salario, importante para 3 de cada 4 persoas asalariadas.**
- **A estabilidade na empresa, escollida por case a metade da mostra entrevistada.**
- **O clima laboral, citado polo 42,38 %.**
- **A posibilidade de flexibilizar o horario de traballo, relevante para un 37,35 %.**

O seguinte gráfico condensa os resultados das distintas dimensións do traballo consideradas.

G. 77 DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN ASALARIADA SEGUNDO OS ASPECTOS MÁIS IMPORTANTES SELECCIONADOS CON RELACIÓN AO TRABALLO²⁶



Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

Por sectores de actividade, a **retribución económica é comparativamente máis importante para as persoas que se empregan na industria e no sector primario, e algo menos no sector servizos**, aínda que este sector presenta, en conxunto, valores moi parellos aos da mostra global de poboación.

O clima laboral destácase na agricultura e na pesca, mentres que **na industria consideran máis importante que noutros sectores poder flexibilizar o horario**.

A **estabilidade na empresa** semella ser **moi importante** para as persoas que traballan **na construción**.

²⁶ Por tratarse dunha pregunta de resposta múltiple a suma de porcentaxes supera o 100%.

TÁBOA 43 ASPECTOS MÁIS IMPORTANTES RELACIONADOS CO TRABALLO SELECCIONADOS, POR SECTORES DE ACTIVIDADE. DISTRIBUCIÓN PORCENTUAL. PESO PORCENTUAL²⁷

ASPECTOS RELACIONADOS CO TRABALLO	Agricultura e pesca	Industria	Construción	Servizos	TOTAL
O salario	85,71%	86,54%	80,49%	71,77%	74,82%
A estabilidade na empresa	52,38%	38,46%	60,98%	48,80%	48,28%
O clima laboral	59,52%	43,27%	21,95%	42,42%	42,38%
A posibilidade de flexibilizar o horario	21,43%	47,12%	41,46%	36,52%	37,35%
O tempo concedido para vacacións, días de asuntos propios e permisos	16,67%	16,35%	21,95%	23,92%	22,48%
A hora de saída do traballo	21,43%	18,27%	31,71%	20,41%	20,76%
A posibilidade de acceder a formación a cargo da empresa e/ou a dispoñibilidade de tempo libre para formarse	23,81%	10,58%	9,76%	12,12%	12,41%
A existencia na empresa de beneficios sociais	9,52%	21,15%	4,88%	11,16%	12,04%
As oportunidades de promoción profesional	9,52%	7,69%	9,76%	12,92%	11,92%
A posibilidade de teletraballar	0,00%	2,88%	17,07%	10,21%	9,09%

Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

Se se observan os resultados para os subsectores de actividades terciarias, cómpre destacar as seguintes tendencias:

- **En case todas as actividades reproducése a distribución xeral comentada, posto que a retribución económica é o aspecto máis referido**, seguido, aínda que con variacións nas porcentaxes de mención, pola estabilidade na empresa e o clima laboral.
- **O sector educativo (privado) é o que máis se afasta da xerarquización de aspectos comentada para o total**, pois para as persoas que traballan nel son moi importantes o **tempo de vacacións, asuntos propios e permisos** e, en menor medida pero tamén con peso, **a hora de saída do traballo** e a posibilidade de **acceder á formación** ou tempo libre para formarse. É, ademais, **o subsector no que o salario ten menor importancia, aínda sendo o principal**.

²⁷ A táboa recolle o peso porcentual de todos os aspectos susceptibles de elección e ordenación por grao de importancia, con independencia da orde de mención.



- Nas **actividades comerciais** son comparativamente máis importantes o **clima laboral** e a posibilidade de **flexibilizar o horario**.
- Para as persoas que traballan no **transporte e o almacenamento** a **flexibilización horaria** e o tempo de **vacacións, asuntos propios e permisos** son tamén máis relevantes que noutro tipo de actividades.
- Na **hostalería** é máis relevante que noutros sectores a **retribución económica**, así como a **hora de saída do traballo**.
- Na **actividades administrativas, financeiras e profesionais** destácase a importancia concedida á **estabilidade na empresa**.
- As **actividades sanitarias e de servizos sociais** non presentan variacións destacadas, aínda que a importancia, agás nun dos aspectos menos relevantes: as oportunidades de **promoción profesional**.
- Na categoría que agrega ao resto de actividades de servizos, as persoas traballadoras priman en maior medida os aspectos máis nomeados: o salario e a estabilidade na empresa.

TÁBOA 44 DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN ASALARIADA SEGUNDO ASPECTOS MÁIS IMPORTANTES RELACIONADOS CO TRABALLO POR SUBSECTORES DE ACTIVIDADE NO SECTOR SERVIZOS. PESO PORCENTUAL DE RESPÓSTAS AFIRMATIVAS

ASPECTOS RELACIONADOS CO TRABALLO	Comercio e reparación de vehículos	Transporte e almacen.	Hostalería	Activ. advtas., financ. e profesionais	Educación	Actividades sanitarias e de servizos sociais	Resto de servizos	TOTAL
O salario	72,41%	73,81%	78,13%	67,43%	63,64%	67,86%	77,50%	71,77%
A estabilidade na empresa	50,34%	40,48%	42,71%	54,86%	24,24%	50,00%	53,75%	48,80%
O clima laboral	51,72%	45,24%	44,79%	37,71%	27,27%	42,86%	37,50%	42,42%
A posibilidade de flexibilizar o horario	42,76%	42,86%	31,25%	35,43%	27,27%	30,36%	38,75%	36,52%
O tempo concedido para vacacións, días de asuntos propios e permisos	25,52%	38,10%	21,88%	18,86%	54,55%	16,07%	20,00%	23,92%
A hora de saída do traballo	17,24%	9,52%	37,50%	12,57%	30,30%	19,64%	25,00%	20,41%
A posibilidade de acceder a formación a cargo da empresa e/ou a dispoñibilidade de tempo libre para formarse	17,93%	14,29%	9,38%	8,00%	27,27%	14,29%	5,00%	12,12%
A existencia na empresa de beneficios sociais	6,21%	11,90%	7,29%	18,29%	12,12%	8,93%	10,00%	11,16%
As oportunidades de promoción profesional	8,28%	9,52%	12,50%	16,00%	3,03%	21,43%	15,00%	12,92%
A posibilidade de teletraballar	4,14%	4,76%	3,13%	24,00%	12,12%	7,14%	3,75%	10,21%

Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa.

6 RECOMENDACIÓN

A mellora do benestar laboral das persoas traballadoras e o avance na implantación dunha xestión do tempo de traballo que favoreza a conciliación da vida persoal, familiar e laboral, son na actualidade premisas de traballo na folla de ruta das políticas de emprego e relacións laborais da Administración galega, enfocadas a que o tecido empresarial da comunidade autónoma se implique neste impulso colectivo.

Neste contexto, a Comisión Europea define a **responsabilidade social das empresas** (RSE) como “a integración voluntaria, por parte das empresas, das preocupacións sociais e ambientais nas súas operacións comerciais e nas súas relacións cos seus interlocutores”.

Para a Comisión ser “socialmente responsable” non soamente significa cumprir plenamente as obrigacións xurídicas aplicables, senón dar un paso máis e investir máis en capital humano, na contorna e nas relacións coas partes interesadas.

A RSE reviste gran importancia para todo tipo de empresas, desde as pequenas e medianas ata as grandes compañías e multinacionais. Certamente, nos últimos tempos avanza na implantación progresiva de medidas de flexibilidade organizativa e de conciliación nas empresas de menores dimensións, en moitos casos grazas ao apoio da Administración autonómica. E cómpre seguir avanzando na adopción deste tipo de medidas, o que redundará nun aumento da produtividade e do beneficio empresarial.

Xa que logo, **resulta clave o convencemento e o compromiso das empresas a cerca dos beneficios destas accións, que non só contribúen ao benestar laboral das e dos traballadores, senón que tamén supoñen importantes vantaxes para o desenvolvemento empresarial**, como son o aumento da motivación, a diminución do absentismo, a menor rotación de persoal, a retención do talento, a mellora da imaxe do negocio etc.

Aínda que a retribución económica constitúe o aspecto prioritario do traballo, as persoas valoran cada vez máis outras dimensións, como a flexibilidade horaria, os beneficios sociais, o clima organizacional etc.

Estas dimensións conformarían o denominado “salario emocional”, é dicir, aquel incentivo tanxible ou intanxible que, ao ofrecelo, mellorará a calidade de vida da persoa empregada e favorecerá a conciliación entre a vida persoal e a esfera laboral,



á vez que a persoa traballadora incrementará a súa motivación e compromiso, afectando de forma directa a súa produtividade.

Inevitablemente, **a heteroxeneidade do tecido produtivo fai que as accións que se impulsen teñan que adecuarse ás características do sector e á dimensión das empresas.**

Así, as empresas de menor tamaño e as pertencentes a algúns sectores, teñen máis dificultades para implantar certas vantaxes para o benestar do persoal no que respecta á organización do tempo de traballo. Porén, a industria e, sobre todo, as grandes empresas, teñen horarios máis racionais e contan con máis medidas facilitadoras da conciliación para o seu persoal.

Como recolle o informe de resultados da enquisa ás empresas, o tipo de actividade ou a necesidade de dar adecuada resposta á clientela son importantes factores a considerar, pero non debería ser obstáculo para introducir medidas que melloren a organización do tempo de traballo ou outro tipo de vantaxes para o persoal adaptadas ás particularidades do negocio.

Certamente, determinadas actividades económicas, como **o comercio e a hostalería, presentan maiores dificultades para o establecemento de horarios máis racionais**, se non se acompaña de cambios estruturais nas pautas de consumo da poboación, pero **sempre é posible introducir melloras na organización dos tempos, tamén nestes sectores, que incorporen o elemento da flexibilidade na distribución do tempo, non necesariamente diaria, senón en cómputo semanal, mensual ou anual.**

Ademais, **noutros sectores é posible avanzar na implantación doutros sistemas de traballo, por exemplo, baseado no desempeño por obxectivos.** A introdución deste tipo de mecanismos nalgúns empregos que midan a consecución duns determinados obxectivos nun período concreto, pode facilitar unha maior flexibilidade na distribución espacial e temporal do traballo das persoas.

Neste sentido, **a dixitalización xoga un elemento clave no desenvolvemento empresarial e aínda que o teletraballo experimentou un incremento nos últimos anos, a raíz da situación xerada pola pandemia da Covid-19, aínda está lonxe a súa extensión a todos os empregos onde é factible esta modalidade laboral.**

Como se indicou, **as características propias dos distintos sectores e tipoloxía de actividades económicas ofrecen realidades diversas en materia de organización do tempo de traballo**, tal e como puxeron de manifesto os estudos realizados, e **condicionan a viabilidade da implantación das diferentes medidas de flexibilización, conciliación e benestar das persoas traballadoras.**



Por iso, a continuación ofrécense unhas consideracións particularizadas para cada sector da economía, a partir das principais evidencias extraídas das enquisas realizadas.

AGRICULTURA E PESCA

- O sector primario, moi condicionado polos ciclos naturais e a estacionalidade dalgunhas actividades, presenta unha maior variabilidade na organización do tempo de traballo que outros sectores da economía. Pero este factor pode considerarse un elemento facilitador da introdución de medidas de flexibilización na xestión dos tempos.
- Neste tipo de actividades económicas non é frecuente realizar cambios na xornada habitual ao longo do ano, á luz dos datos dos estudos, sobre todo da enquisa ás empresas. En todo caso, como se indicou, **aquelas empresas máis condicionadas polos ciclos ou a estacionalidade, tanto no agro como no mar, poden verse favorecidas pola introdución de melloras de flexibilización na organización do tempo, cando menos, nalgunha época do ano, adaptándose ás circunstancias da produción.**
- De feito, segundo a enquisa ás empresas a flexibilidade horaria no sector primario é máis significativa que noutros sectores.
- De xeito coherente co tipo de actividades que engloba, **neste sector teñen os horarios máis temperás, o que pode facilitar horarios máis acordes coa conciliación.** En efecto, é o sector que remata máis cedo (pénsese que inclúe actividades moi diversas, desde a pesca e marisqueo, ata actividades agrícolas e gandeiras con xornada moi temperás).
- Por outro lado, un dato a ter en conta é que, aínda que é o sector no que se observa un maior peso das pausas máis breves para o descanso/xantar, aínda son altas as porcentaxes de empresas e persoas asalariadas que aluden a pausas de dúas ou máis horas de duración.
- En canto á implantación de medidas que contribúan ao benestar e á harmonización da esfera privada e a laboral, á vista dos resultados da enquisa á poboación asalariada, **as empresas do sector poden seguir apostando pola flexibilidade horaria, total ou dentro dunhas marxes predeterminadas, e por outras vantaxes, como a elección preferente das vacacións para persoas traballadoras con menores e outras persoas ao seu cargo, de interese para unha parte significativa das persoas que traballan no sector por conta allea.**



- **Salario, clima laboral e estabilidade na empresa son os aspectos prioritarios do traballo** para a poboación asalariada deste sector. Así, é factible a introdución de **melloras orientadas a aspectos do salario emocional que non teñen tanto que ver coa ordenación do tempo de traballo**, senón con outros factores favorecedores do benestar laboral, que poden ser promovidos a través de **medidas adaptadas a cada empresa, para a mellora do clima organizacional, o desenvolvemento profesional, a aplicación de beneficios sociais etc.**

INDUSTRIA

- **A industria sitúase á cabeza na implantación de vantaxes para o benestar das persoas traballadoras de distinta natureza.**
- **Xunto co sector primario é o que ten os horarios máis “racionalis”, de comezo máis temperán, saídas máis prontas e pausas menos prolongadas para o descanso/xantar nos casos de xornada partida.**
- Ten, coherentemente, unha maior implantación do traballo en quendas que outros sectores, segundo a enquisa á poboación –e similar á do sector servizos, segundo a enquisa a empresas–, pero presenta aínda un peso significativo da proporción de persoas e empresas que traballan en xornada partida.
- Neste sector **resulta especialmente importante recomendar o deseño de medidas que favorezan o benestar de todo o persoal, pois é frecuente que coexistan situacións diversas na ordenación do tempo de traballo, derivadas das distintas áreas funcionais e dos distintos postos.** Pénsese nas diferentes condicións organizativas na área de administración, na área técnica ou na de produción, o que se traduce en diferentes horarios e distribucións da xornada.
- Un positivo dato é que máis da metade das persoas que traballan na industria finalizan a xornada antes das 18:00 horas (55,26 %), cunha porcentaxe algo inferior na enquisa a empresas (47,91 %), que é acorde cun comezo que ten lugar máis cedo que noutro tipo de actividades.
- Pero ademais de seguir favorecendo os horarios racionalis que facilitan a conciliación da poboación traballadora, cómpre seguir avanzando a través doutras medidas favorecedoras do benestar laboral.
- Segundo a enquisa realizada á poboación asalariada, **as persoas traballadoras no sector industrial son as que maior grao de interese mostran na implantación das diferentes medidas de conciliación e flexibilización do tempo de traballo propostas**, a excepción do teletraballo, aspecto que plausiblemente se encontre



relacionado co tipo de posto desempeñado polas persoas entrevistadas que traballan neste sector.

- Con porcentaxes de aceptación que superan o 80 %, **recoñecen ter interese –e con independencia de se xa gozan destas medidas ou non–, na concesión de beneficios sociais; na flexibilidade horaria**, xa sexa dentro dunhas marxes horarias ou total; **na mellora dos permisos legais; nas reunións de traballo en horario laboral e na política de desconexión dixital; preferencias que ofrecen pistas ás empresas para seguir favorecendo as condicións laborais do persoal.**
- Á hora de introducir medidas tamén hai que ter en conta que para as persoas que traballan neste sector **o salario é especialmente relevante, máis que noutros sectores da economía.**
- A **flexibilidade horaria** pode presentar máis dificultades para a súa concesión de forma xeneralizada ao persoal das compañías, pero segundo a enquisa á poboación asalariada é **a segunda prioridade** por número total de mencións, **un aspecto a ter en conta para a mellora das condicións, naquelas categorías ou postos nos que sexa factible.**
- A terceira prioridade é **o clima laboral**, unha dimensión que ofrece **ampla marxe de intervención adaptada ás necesidades detectadas.**

CONSTRUCCIÓN

- **A construción presenta resultados moi homoxéneos en ambas enquisas na gran maioría de aspectos indagados**, o que plausiblemente teña que ver cunha maior similitude das actividades que agrega o sector e, asociado a isto, coa aplicación dos correspondentes convenios reguladores.
- As peculiaridades desta actividade económica condicionan a instauración de determinadas medidas de flexibilización na ordenación do tempo de traballo, aínda que, como noutros sectores, **deben avaliarse as distintas posibilidades tendo en conta o tipo de posto ou a área funcional**, xa que nalgúns casos é máis factible introducir cambios. Cómpre considerar, ademais, distintas opcións flexibles, non só de horarios de entrada e saída, senón, por exemplo, a implantación da bolsa/banco de horas, a xornada intensiva en verán ou a redución de xornada en máis supostos dos legalmente establecidos.
- Trátase do sector máis rixido, ademais de ser **o que presenta a máis alta porcentaxe de implantación da xornada partida**, e segundo ambos os dous



estudos realizados onde **menor variabilidade do tipo de xornada existe ao longo do ano, cunha escasa implantación da xornada reducida en verán.**

- Segundo a enquisa ás empresas, a construción **é o sector con menor implantación da flexibilidade horaria**, xa sexa total ou sobre unhas marxes fixas no horario establecido pola empresa. Como se indicou, esta medida, aínda que presente dificultades de concesión a determinados postos ou categorías profesionais **debe ser avaliada para a súa aplicación ao persoal con funcións que permitan un desempeño en horario variable en áreas distintas á de produción/obra, como son a área técnica, de xestión e planificación e a doutros servizos auxiliares.**
- Este tipo de flexibilidade pode acompañarse da **flexibilidade espacial e promover un uso máis intensivo do teletraballo e das reunións a través de videoconferencia para os postos técnicos e de xestión.**
- Tamén **existe marxe de mellora na distribución horaria diaria, xa que aínda hai unha parte de empresas neste sector que rematan pasadas ás seis da tarde e,** ademais, poden reducir a duración da pausa entre a mañá e a tarde, á vista da extensión que aínda presenta nalgúns delas.
- En canto ás medidas favorecedoras do benestar e da conciliación, cómpre ter en conta que as persoas asalariadas do sector mostran as súas **preferencias en especial por: a aplicación de beneficios sociais, a flexibilidade horaria sobre unhas marxes preestablecidas e a mellora dos permisos legais.**
- É de interese subliñar que **a implantación de beneficios sociais nas empresas resulta unha interesante opción, en especial cando non é posible aplicar outro tipo de vantaxes relacionadas coa ordenación do tempo de traballo ao conxunto do cadro de persoal.** Medidas como a póliza de seguro médico, seguro de vida, axudas para a compra de produtos sanitarios, axudas por estudos dos/as fillos/as, préstamos, descontos en compras a través de acordos con outras empresas, transporte de empresa etc., constitúen un complemento da retribución económica.
- Precisamente, en canto ás prioridades laborais das persoas que se empregan neste sector, **a retribución económica é, con diferenza, o aspecto máis importante no traballo. É o sector da economía no que ten máis relevancia a estabilidade na empresa,** aínda que tamén se inclinan pola **posibilidade de flexibilizar o horario e por mellorar a hora de saída** do traballo, por riba dos valores globais da mostra de persoas asalariadas.



SERVIZOS

O sector terciario é o máis heteroxéneo de todos os sectores da economía, pola gran diversidade de actividades de servizos que o conforman, o que dificulta a extrapolación dos datos xerais do sector aos diferentes tipos de actividade.

Polo tanto, **cómpre realizar unhas consideracións particularizadas segundo o ramo de actividade**. A análise de resultados realizada ao longo do informe inclúe a desagregación polos distintos tipos de actividades do sector en base á clasificación que recolle a Enquisa de Poboación Activa (EPA), a partir da agregación de distintas epígrafes da clasificación de actividades económicas (CNAE). Non obstante, hai que ter en conta que **dentro deste sector non todos os subsectores teñen o mesmo peso** e, consecuentemente, a mesma representatividade estatística nas enquisas, polo que, a continuación, **as recomendacións centraranse nas tres actividades con maior significación: o sector comercial, que inclúe o comercio –por xunto e polo miúdo– e a reparación de vehículos; a hostalería e as actividades administrativas, financeiras e profesionais**.

COMERCIO

- As características da actividade comercial dificultan a miúdo a aplicación de medidas de flexibilización do tempo de traballo e a organización de horarios máis racionais nas empresas, pois trátase dun sector moi condicionado polos servizo á clientela. Como poñen de manifesto os resultados de ambos os dous estudos realizados, a actividade comercial é un dos ámbitos cos horarios de finalización da xornada máis tardíos. É tamén, dentro do sector servizos, a actividade que máis alonga a pausa do mediodía.
- Así, **os cambios na ordenación do tempo de traballo neste sector son máis complexos**, en tanto o conxunto da sociedade non avance cara a unha distribución horaria máis racional e outros sectores da economía non modifiquen os seus horarios.
- Non obstante, **é posible introducir medidas de flexibilización na distribución do tempo de traballo, sempre adaptadas á tipoloxía e ás dimensións do negocio**, xa que algunhas empresas traballan en xornada partida e noutras o persoal faino en quendas de mañá e tarde. Non se trata só de instaurar a flexibilidade horaria diaria, senón tamén **doutras posibilidades como a implantación da bolsa de horas, a redución de xornada en determinadas épocas do ano etc.**



- Ademais, sería tamén viable a implantación doutro tipo de vantaxes para facilitar a conciliación e para o benestar xeral das persoas traballadoras, como **os beneficios sociais** ou a **mellora dos permisos**.
- Neste sentido, **as preferencias das persoas que traballan no comercio e na reparación de vehículos, oriéntanse como noutros sectores, á limitación de reunións de traballo ao horario laboral e á flexibilización horaria dentro dunhas marxes fixas sobre os horarios da empresa; á vez que mostran interese en máis proporción que noutros sectores pola mellora dos permisos legais e pola ampliación da xornada reducida e máis supostos dos que establece a normativa.**
- Como noutros ámbitos, os **aspectos prioritarios** para as persoas que traballan por conta allea neste ramo de actividade son **o salario, a estabilidade na empresa e o clima laboral**, aínda que debe terse en conta que **a posibilidade de flexibilizar o horario de traballo** é aquí máis demandada que noutras actividades do sector servizos.

HOSTALERÍA

- A hostalería, como o comercio, vese moi condicionada polas características do servizo á clientela, o que pode verse como un obstáculo a introdución de melloras na ordenación do tempo de traballo que redunden no benestar das persoas que traballan neste sector. De feito, xunto coa actividade comercial, a hostalería é un dos subsectores cos horarios de remate da xornada máis tardíos.
- Segundo os estudos realizados, **neste subsector existe, en liñas xerais, un menor nivel de implantación das diferentes medidas facilitadoras da conciliación e da flexibilización do tempo de traballo que noutras actividades de servizos**. Certo é que a dimensión das empresas é un condicionante da organización das xornadas do persoal; pénsese en pequenos establecementos con menor marxe de intervención na distribución horaria ou na organización das quendas, pero que **si poderían introducir outro tipo de facilidades na ordenación do tempo, como a bolsa de horas e outros sistemas de cómputo semanal, mensual ou anual**.
- Aínda que hai algunhas medidas que non se adecúan ao tipo de actividade ou non son extensivas á xeneralidade do seu persoal (pénsese no teletraballo), si existe marxe de mellora. Por exemplo, **a hostalería é o subsector con menor implantación de beneficios sociais** (19,79 %, fronte a un 33,65 % no sector servizos en total, segundo a enquisa á poboación asalariada), o que apunta a un



posible campo de acción para a introdución de vantaxes nas condicións laborais das persoas traballadoras.

- De feito, se se atende ás preferencias das persoas asalariadas do sector, **os beneficios sociais e a elección preferente das vacacións para as persoas con responsabilidades familiares son as medidas con maior grao de aceptación.**
- **En maior proporción que noutras actividades de servizos, a retribución económica é o aspecto prioritario do traballo** para a poboación asalariada da actividade hostaleira, seguido do **clima laboral** e a **hora de saída do traballo**, aspectos a ter presentes de cara á introdución de melloras nas condicións laborais do persoal.

ACTIVIDADES ADMINISTRATIVAS, FINANCEIRAS E PROFESIONAIS

- Este ramo do sector servizos é un dos máis numerosos e agrega distintas actividades económicas cunha compoñente de xestión, técnica ou profesional, inclúe actividades heteroxéneas como son as administrativas, as inmobiliarias, as financeiras (seguros e banca), a información e as comunicacións, as científico-técnicas e outras actividades profesionais; un factor a ter presente de cara á interpretación dos datos e da xeneralización de conclusións.
- As enquisas realizadas constatan que, en liñas xerais, **trátase do ramo do sector servizos con maior grao de implantación de medidas favorecedoras da conciliación e o benestar, e con maior flexibilidade na organización global do tempo de traballo.**
- Cunha organización semanal do traballo de luns a venres amplamente estendida, combina a xornada partida coa xornada continua de mañá, á vez que constitúe o subsector dos servizos que máis aplica o cambio de xornada na época estival.
- Non obstante, **aínda existe marxe de actuación en moitas empresas con respecto á organización da xornada, pois é posible reducir horarios de saída**, que en aproximadamente un terzo das empresas, segundo ambos estudos, teñen lugar a partir das sete da tarde; seguramente condicionados porque máis da metade dos negocios deste ramo con xornada partida realizan unha parada entre a mañá e a tarde de dúas ou máis horas.
- Con todo, hai que subliñar que este tipo de actividades de servizos son **as que máis conceden a flexibilidade de horarios** ao seu persoal.



- Á luz das **preferencias** das persoas que traballan neste ámbito, cómpre seguir avanzando en vantaxes como a **flexibilidade horaria dentro dunhas marxes predefinidas**, nos **beneficios sociais**, na **mellora dos permisos legais** e na **política de desconexión dixital**.
- Especial relevancia ten neste subsector a **dixitalización e a xeneralización do traballo a distancia**. O **teletraballo en calquera das súas modalidades e a realización de reunións por videoconferencia** presentan interese para as **persoas traballadoras**.
- Afondando nos intereses da poboación traballadora, de cara á introdución de melloras, convén ter en conta tamén que **ademais do salario**, o aspecto prioritario do traballo, como en todos os demais sectores –aínda que aquí con menor peso que noutros–, son importantes, a continuación, a **estabilidade na empresa** e o **clima organizacional**. Ademais, aínda que non é dos aspectos prioritarios, a **posibilidade de teletraballar** elévase moito neste subsector en porcentaxe de mencións.



7 ANEXO: ÍNDICE DE GRÁFICOS E TÁBOAS

7.1 ÍNDICE DE GRÁFICOS

G. 1 DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN ASALARIADA POR SEXO.....	7
G. 2 DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN ASALARIADA POR GRUPOS DE IDADE.....	8
G. 3 DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN ASALARIADA POR PROVINCIA DE RESIDENCIA.....	9
G. 4 DISTRIBUCIÓN DA MOSTRA DE EMPRESAS POR SECTORES DE ACTIVIDADE.....	10
G. 5 DISTRIBUCIÓN DA MOSTRA DE EMPRESAS POR TAMAÑO DA EMPRESA.....	11
G. 6 E G. 7 RESULTADOS GLOBAIS: ORGANIZACIÓN SEMANAL DA XORNADA LABORAL.....	13
G. 8 E G. 9 AGRICULTURA E PESCA: ORGANIZACIÓN SEMANAL DA XORNADA LABORAL.....	15
G. 10 E G. 11 INDUSTRIA: ORGANIZACIÓN SEMANAL DA XORNADA LABORAL.....	15
G. 12 E G. 13 CONSTRUCCIÓN: ORGANIZACIÓN SEMANAL DA XORNADA LABORAL.....	16
G. 14 E G. 15 SERVIZOS: ORGANIZACIÓN SEMANAL DA XORNADA LABORAL.....	16
G. 16 E G. 17 RESULTADOS GLOBAIS: ORGANIZACIÓN DIARIA DA XORNADA LABORAL.....	21
G. 18 E G. 19 AGRICULTURA E PESCA: TIPO DE XORNADA HABITUAL.....	24
G. 20 E G. 21 INDUSTRIA: TIPO DE XORNADA HABITUAL.....	24
G. 22 E G. 23 CONSTRUCCIÓN: TIPO DE XORNADA HABITUAL.....	25
G. 24 E G. 25 SERVIZOS: TIPO DE XORNADA HABITUAL.....	25
G. 26 E G. 27 RESULTADOS GLOBAIS: OUTRO TIPO DE XORNADA AO LONGO DO ANO DISTINTA DA HABITUAL.....	29
G. 28 E G. 29 AGRICULTURA E PESCA: OUTRO TIPO DE XORNADA AO LONGO DO ANO DISTINTA DA HABITUAL.....	32
G. 30 E G. 31 INDUSTRIA: OUTRO TIPO DE XORNADA AO LONGO DO ANO DISTINTA DA HABITUAL.....	32
G. 32 E G. 33 CONSTRUCCIÓN: OUTRO TIPO DE XORNADA AO LONGO DO ANO DISTINTA DA HABITUAL.....	33
G. 34 E G. 35 SERVIZOS: OUTRO TIPO DE XORNADA AO LONGO DO ANO DISTINTA DA HABITUAL.....	33
G. 36 E G. 37 RESULTADOS GLOBAIS: HORARIO DE COMEZO DA XORNADA LABORAL.....	37
G. 38 E G. 39 AGRICULTURA E PESCA: HORARIO DE COMEZO DA XORNADA LABORAL.....	40
G. 40 E G. 41 INDUSTRIA: HORARIO DE COMEZO DA XORNADA LABORAL.....	40
G. 42 E G. 43 CONSTRUCCIÓN: HORARIO DE COMEZO DA XORNADA LABORAL.....	41
G. 44 E G. 45 SERVIZOS: HORARIO DE COMEZO DA XORNADA LABORAL.....	41
G. 46 E G. 47 RESULTADOS GLOBAIS: HORARIO DE FINALIZACIÓN DA XORNADA LABORAL.....	45
G. 48 E G. 49 AGRICULTURA E PESCA: HORARIO DE FINALIZACIÓN DA XORNADA LABORAL.....	48
G. 50 E G. 51 INDUSTRIA: HORARIO DE FINALIZACIÓN DA XORNADA LABORAL.....	48
G. 52 E G. 53 CONSTRUCCIÓN: HORARIO DE FINALIZACIÓN DA XORNADA LABORAL.....	49



G. 54 E G. 55 SERVIZOS: HORARIO DE FINALIZACIÓN DA XORNADA LABORAL	49
G. 56 E G. 57 RESULTADOS GLOBAIS: TEMPO DEDICADO Á PARADA DE DESCANSO/XANTAR ENTRE A XORNADA DE MAÑÁ E A DE TARDE	53
G. 58 E G. 59 AGRICULTURA E PESCA: TEMPO DEDICADO Á PARADA DE DESCANSO/XANTAR ENTRE A XORNADA DE MAÑÁ E A DE TARDE	55
G. 60 E G. 61 INDUSTRIA: TEMPO DEDICADO Á PARADA DE DESCANSO/XANTAR ENTRE A XORNADA DE MAÑÁ E A DE TARDE	55
G. 62 E G. 63 CONSTRUCCIÓN: TEMPO DEDICADO Á PARADA DE DESCANSO/XANTAR ENTRE A XORNADA DE MAÑÁ E A DE TARDE	56
G. 64 E G. 65 SERVIZOS: TEMPO DEDICADO Á PARADA DE DESCANSO/XANTAR ENTRE A XORNADA DE MAÑÁ E A DE TARDE	56
G. 66 RESULTADOS GLOBAIS: EXISTENCIA DE FLEXIBILIDADE HORARIA. PESO PORCENTUAL DE RESPOSTAS AFIRMATIVAS	60
G. 67 DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN ASALARIADA SEGUNDO A EXISTENCIA DE FLEXIBILIDADE HORARIA POR SECTORES DE ACTIVIDADE. PESO PORCENTUAL DE RESPOSTAS AFIRMATIVAS	61
G. 68 DISTRIBUCIÓN DA MOSTRA DE EMPRESAS SEGUNDO A EXISTENCIA DE FLEXIBILIDADE HORARIA POR SECTORES DE ACTIVIDADE. PESO PORCENTUAL DE RESPOSTAS AFIRMATIVAS	62
G. 69 AGRICULTURA E PESCA: EXISTENCIA DE FLEXIBILIDADE HORARIA. PESO PORCENTUAL DE RESPOSTAS AFIRMATIVAS	63
G. 70 INDUSTRIA: EXISTENCIA DE FLEXIBILIDADE HORARIA. PESO PORCENTUAL DE RESPOSTAS AFIRMATIVAS	63
G. 71 CONSTRUCCIÓN: EXISTENCIA DE FLEXIBILIDADE HORARIA. PESO PORCENTUAL DE RESPOSTAS AFIRMATIVAS	64
G. 72 SERVIZOS: EXISTENCIA DE FLEXIBILIDADE HORARIA. PESO PORCENTUAL DE RESPOSTAS AFIRMATIVAS	64
G. 73 DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN ASALARIADA SEGUNDO A EXISTENCIA DE FLEXIBILIDADE HORARIA POR SUBSECTORES DE ACTIVIDADE NO SECTOR SERVIZOS. PESO PORCENTUAL DE RESPOSTAS AFIRMATIVAS	66
G. 74 DISTRIBUCIÓN DA MOSTRA DE EMPRESAS SEGUNDO A EXISTENCIA DE FLEXIBILIDADE HORARIA POR SUBSECTORES DE ACTIVIDADE NO SECTOR SERVIZOS. PESO PORCENTUAL DE RESPOSTAS AFIRMATIVAS	67
G. 75 FRACCIÓN MOSTRAL. DISTRIBUCIÓN DA MOSTRA DE EMPRESAS QUE NON TEÑEN "HORARIO EUROPEO" SEGUNDO OS MOTIVOS (n=270)	82
G. 76 DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN ASALARIADA SEGUNDO O INTERESE ACTUAL DAS MEDIDAS DE FLEXIBILIZACIÓN E CONCILIACIÓN. PESO PORCENTUAL DE RESPOSTAS AFIRMATIVAS	85
G. 77 DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN ASALARIADA SEGUNDO OS ASPECTOS MÁIS IMPORTANTES SELECCIONADOS CON RELACIÓN AO TRABALLO	91



7.2 ÍNDICE DE TÁBOAS

TÁBOA 1 DISTRIBUCIÓN DA MOSTRA POR SECTORES DE ACTIVIDADE E TAMAÑO DA EMPRESA.....	11
TÁBOA 2 DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN ASALARIADA SEGUNDO A ORGANIZACIÓN SEMANAL DA XORNADA LABORAL POR SECTORES DE ACTIVIDADE.....	14
TÁBOA 3 DISTRIBUCIÓN DA MOSTRA DE EMPRESAS SEGUNDO A ORGANIZACIÓN SEMANAL DA XORNADA LABORAL POR SECTORES DE ACTIVIDADE.....	14
TÁBOA 4 DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN ASALARIADA SEGUNDO A ORGANIZACIÓN SEMANAL DA XORNADA LABORAL POR SUBSECTORES DE ACTIVIDADE NO SECTOR SERVIZOS.....	19
TÁBOA 5 DISTRIBUCIÓN DA MOSTRA DE EMPRESAS SEGUNDO A ORGANIZACIÓN SEMANAL DA XORNADA LABORAL POR SUBSECTORES DE ACTIVIDADE NO SECTOR SERVIZOS.....	20
TÁBOA 6 DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN ASALARIADA SEGUNDO O TIPO DE XORNADA HABITUAL POR SECTORES DE ACTIVIDADE.....	22
TÁBOA 7 DISTRIBUCIÓN DA MOSTRA DE EMPRESAS SEGUNDO O TIPO DE XORNADA HABITUAL POR SECTORES DE ACTIVIDADE.....	23
TÁBOA 8 DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN ASALARIADA SEGUNDO O TIPO DE XORNADA HABITUAL POR SUBSECTORES DE ACTIVIDADE NO SECTOR SERVIZOS.....	27
TÁBOA 9 DISTRIBUCIÓN DA MOSTRA DE EMPRESAS SEGUNDO O TIPO DE XORNADA HABITUAL POR SUBSECTORES DE ACTIVIDADE NO SECTOR SERVIZOS.....	28
TÁBOA 10 DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN ASALARIADA SEGUNDO OUTRO TIPO DE XORNADA AO LONGO DO ANO DISTINTA DA HABITUAL POR SECTORES DE ACTIVIDADE.....	30
TÁBOA 11 DISTRIBUCIÓN DA MOSTRA DE EMPRESAS SEGUNDO OUTRO TIPO DE XORNADA AO LONGO DO ANO DISTINTA DA HABITUAL POR SECTORES DE ACTIVIDADE.....	31
TÁBOA 12 DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN ASALARIADA SEGUNDO OUTRO TIPO DE XORNADA AO LONGO DO ANO DISTINTA DA HABITUAL POR SUBSECTORES DE ACTIVIDADE NO SECTOR SERVIZOS.....	35
TÁBOA 13 DISTRIBUCIÓN DA MOSTRA DE EMPRESAS SEGUNDO OUTRO TIPO DE XORNADA AO LONGO DO ANO DISTINTA DA HABITUAL POR SUBSECTORES DE ACTIVIDADE NO SECTOR SERVIZOS.....	36
TÁBOA 14 FRACCIÓN MOSTRAL. DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN ASALARIADA CON HORARIO REGULAR SEGUNDO O HORARIO DE COMEZO DA XORNADA LABORAL POR SECTORES DE ACTIVIDADE (n=596).....	38
TÁBOA 15 DISTRIBUCIÓN DA MOSTRA DE EMPRESAS SEGUNDO O HORARIO DE COMEZO DA XORNADA LABORAL POR SECTORES DE ACTIVIDADE.....	39
TÁBOA 16 FRACCIÓN MOSTRAL. DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN ASALARIADA CON HORARIO REGULAR SEGUNDO O HORARIO DE COMEZO DA XORNADA LABORAL, POR SUBSECTORES DE ACTIVIDADE NO SECTOR SERVIZOS (n=449).....	43
TÁBOA 17 DISTRIBUCIÓN DA MOSTRA DE EMPRESAS SEGUNDO O HORARIO DE COMEZO DA XORNADA LABORAL POR SUBSECTORES DE ACTIVIDADE NO SECTOR SERVIZOS.....	44
TÁBOA 18 FRACCIÓN MOSTRAL. DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN ASALARIADA SEGUNDO O HORARIO DE FINALIZACIÓN DA XORNADA LABORAL POR SECTORES DE ACTIVIDADE (n=596).....	46
TÁBOA 19 DISTRIBUCIÓN DA MOSTRA DE EMPRESAS SEGUNDO O HORARIO DE FINALIZACIÓN DA XORNADA LABORAL POR SECTORES DE ACTIVIDADE.....	47
TÁBOA 20 FRACCIÓN MOSTRAL. DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN ASALARIADA CON HORARIO REGULAR SEGUNDO O HORARIO DE FINALIZACIÓN DA XORNADA LABORAL, POR SUBSECTORES DE ACTIVIDADE NO SECTOR SERVIZOS (n=596).....	51
TÁBOA 21 DISTRIBUCIÓN DA MOSTRA DE EMPRESAS SEGUNDO O HORARIO DE FINALIZACIÓN DA XORNADA LABORAL POR SUBSECTORES DE ACTIVIDADE NO SECTOR SERVIZOS.....	52



TÁBOA 22 FRACCIÓN MOSTRAL. DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN ASALARIADA CON XORNADA PARTIDA SEGUNDO O TEMPO DEDICADO Á PARADA DE DESCANSO/XANTAR ENTRE A XORNADA DE MAÑÁ E A DE TARDE POR SECTORES DE ACTIVIDADE (n=266).....	54
TÁBOA 23 FRACCIÓN MOSTRAL. DISTRIBUCIÓN DA MOSTRA DE EMPRESAS CON XORNADA PARTIDA SEGUNDO O TEMPO DEDICADO Á PARADA DE DESCANSO/XANTAR ENTRE A XORNADA DE MAÑÁ E A DE TARDE, POR SECTORES DE ACTIVIDADE (n=555).....	54
TÁBOA 24 FRACCIÓN MOSTRAL. DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN ASALARIADA CON XORNADA PARTIDA SEGUNDO O TEMPO DEDICADO Á PARADA DE DESCANSO/XANTAR ENTRE A XORNADA DE MAÑÁ E A DE TARDE, POR SUBSECTORES DE ACTIVIDADE NO SECTOR SERVIZOS (n=186).....	58
TÁBOA 25 FRACCIÓN MOSTRAL. DISTRIBUCIÓN DA MOSTRA DE EMPRESAS CON XORNADA PARTIDA SEGUNDO O TEMPO DEDICADO Á PARADA DE DESCANSO/XANTAR ENTRE A XORNADA DE MAÑÁ E A DE TARDE, POR SUBSECTORES DE ACTIVIDADE NO SECTOR SERVIZOS (n=555).....	59
TÁBOA 26 RESULTADOS GLOBAIS: MEDIDAS DE FLEXIBILIZACIÓN E CONCILIACIÓN EXISTENTES NAS EMPRESAS. PESO PORCENTUAL DE RESPOSTAS AFIRMATIVAS.....	69
TÁBOA 27 (Contin.) RESULTADOS GLOBAIS: MEDIDAS DE FLEXIBILIZACIÓN E CONCILIACIÓN EXISTENTES NAS EMPRESAS. PESO PORCENTUAL DE RESPOSTAS AFIRMATIVAS.....	70
TÁBOA 28 DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN ASALARIADA SEGUNDO A EXISTENCIA NA SÚA EMPRESA DE MEDIDAS DE FLEXIBILIZACIÓN E CONCILIACIÓN POR SECTORES DE ACTIVIDADE. PESO PORCENTUAL DE RESPOSTAS AFIRMATIVAS.....	71
TÁBOA 29 FRACCIÓN MOSTRAL. DISTRIBUCIÓN DA MOSTRA DE EMPRESAS CON MEDIDAS DE FLEXIBILIZACIÓN E CONCILIACIÓN SEGUNDO O TIPO DE MEDIDAS IMPLANTADAS, POR SECTORES DE ACTIVIDADE (n=455).....	72
TÁBOA 30 AGRICULTURA E PESCA: MEDIDAS DE FLEXIBILIZACIÓN E CONCILIACIÓN EXISTENTES NAS EMPRESAS. PESO PORCENTUAL DE RESPOSTAS AFIRMATIVAS.....	73
TÁBOA 31 INDUSTRIA: MEDIDAS DE FLEXIBILIZACIÓN E CONCILIACIÓN EXISTENTES NAS EMPRESAS. PESO PORCENTUAL DE RESPOSTAS AFIRMATIVAS.....	74
TÁBOA 32 CONSTRUCCIÓN: MEDIDAS DE FLEXIBILIZACIÓN E CONCILIACIÓN EXISTENTES NAS EMPRESAS. PESO PORCENTUAL DE RESPOSTAS AFIRMATIVAS.....	75
TÁBOA 33 SERVIZOS: MEDIDAS DE FLEXIBILIZACIÓN E CONCILIACIÓN EXISTENTES NAS EMPRESAS. PESO PORCENTUAL DE RESPOSTAS AFIRMATIVAS.....	76
TÁBOA 34 DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN ASALARIADA SEGUNDO A EXISTENCIA NA SÚA EMPRESA DE MEDIDAS DE FLEXIBILIZACIÓN E CONCILIACIÓN POR SUBSECTORES DE ACTIVIDADE NO SECTOR SERVIZOS. PESO PORCENTUAL DE RESPOSTAS AFIRMATIVAS.....	78
TÁBOA 35 (Contin.) DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN ASALARIADA SEGUNDO A EXISTENCIA NA SÚA EMPRESA DE MEDIDAS DE FLEXIBILIZACIÓN E CONCILIACIÓN POR SUBSECTORES DE ACTIVIDADE NO SECTOR SERVIZOS. PESO PORCENTUAL DE RESPOSTAS AFIRMATIVAS.....	79
TÁBOA 36 FRACCIÓN MOSTRAL. DISTRIBUCIÓN DA MOSTRA DE EMPRESAS CON MEDIDAS DE FLEXIBILIZACIÓN E CONCILIACIÓN SEGUNDO O TIPO DE MEDIDAS IMPLANTADAS, POR SUBSECTORES DE ACTIVIDADE NO SECTOR SERVIZOS. PESO PORCENTUAL DE RESPOSTAS AFIRMATIVAS (n=502).....	79
TÁBOA 37 (Contin.) FRACCIÓN MOSTRAL. DISTRIBUCIÓN DA MOSTRA DE EMPRESAS CON MEDIDAS DE FLEXIBILIZACIÓN E CONCILIACIÓN SEGUNDO O TIPO DE MEDIDAS IMPLANTADAS, POR SUBSECTORES DE ACTIVIDADE NO SECTOR SERVIZOS. PESO PORCENTUAL DE RESPOSTAS AFIRMATIVAS (n=502).....	80
TÁBOA 38 FRACCIÓN MOSTRAL. DISTRIBUCIÓN DA MOSTRA DE EMPRESAS QUE NON TEÑEN "HORARIO EUROPEO" SEGUNDO OS MOTIVOS, POR SECTORES DE ACTIVIDADE (n=270).....	83
TÁBOA 39 DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN ASALARIADA SEGUNDO O INTERESE ACTUAL DAS MEDIDAS DE FLEXIBILIZACIÓN E CONCILIACIÓN POR SECTORES DE ACTIVIDADE. PESO PORCENTUAL DE RESPOSTAS AFIRMATIVAS.....	86



TÁBOA 40 (Contin.) DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN ASALARIADA SEGUNDO O INTERESE ACTUAL DAS MEDIDAS DE FLEXIBILIZACIÓN E CONCILIACIÓN POR SECTORES DE ACTIVIDADE. PESO PORCENTUAL DE RESPÓSTAS AFIRMATIVAS.....	86
TÁBOA 41 DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN ASALARIADA SEGUNDO O INTERESE ACTUAL DAS MEDIDAS DE FLEXIBILIZACIÓN E CONCILIACIÓN POR SUBSECTORES DE ACTIVIDADE NO SECTOR SERVIZOS. PESO PORCENTUAL DE RESPÓSTAS AFIRMATIVAS.....	88
TÁBOA 42 (Contin.) DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN ASALARIADA SEGUNDO O INTERESE ACTUAL DAS MEDIDAS DE FLEXIBILIZACIÓN E CONCILIACIÓN POR SUBSECTORES DE ACTIVIDADE NO SECTOR SERVIZOS. PESO PORCENTUAL DE RESPÓSTAS AFIRMATIVAS.....	89
TÁBOA 43 ASPECTOS MÁIS IMPORTANTES RELACIONADOS CO TRABALLO SELECCIONADOS, POR SECTORES DE ACTIVIDADE. DISTRIBUCIÓN PORCENTUAL. PESO PORCENTUAL.....	92
TÁBOA 44 DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN ASALARIADA SEGUNDO ASPECTOS MÁIS IMPORTANTES RELACIONADOS CO TRABALLO POR SUBSECTORES DE ACTIVIDADE NO SECTOR SERVIZOS. PESO PORCENTUAL DE RESPÓSTAS AFIRMATIVAS.....	94